**D E P U T A C I Ó N  P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 28 de DECEMBRO DE 2001**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 28 de decembro de 2002, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Central-Actas

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/01, celebrada o día 23 de novembro de 2001.

2.- Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 19.500 deica a nº 22.299.

### Economía, Facenda e Especial de Contas

3.- Aceptación da delegación de competencias en materia tributaria polos concellos da provincia (2º grupo).

4.- Resolución das reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio 2002 e as bases de execución.

### Cooperación e asistencia ós municipios

5.- Informe da deputación sobre o cambio de capitalidade do concello de Moeche.

6.- Aprobación do proxecto reformado da obra : Pavillón central do centro cultural Aresano (Rehabilitación das antigas escolas do Porto para Casa da Cultura, 3ª fase) do concello de Ares, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0195.0

7.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Ampliación afirmado Vilar Calo-Solláns, do concello de Teo, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0161.0

8.- Aprobación da modificación do proxecto da obra: Reparación de pontes, parroquia de Trasanquelos, do concello de Cesuras, incluída no Plan de temporais 2001, cofinanciado polo MAP, Xunta, deputación e concellos, apartado obras municipais. Código 01.2910.0145.0

9.- Acordo sobre a aprobación dos proxectos reformados das obras incluídas en plans provinciais aprobados pola deputación que non supoñan variación do seu orzamento total e que non representen unha modificación substancias.

**Plans Especiais, contratación e equipamento**

10.- Aprobación do proxecto reformado de rehabilitación de Torres do Allo, Zas.

11.- Aprobación da modificación do proxecto da obra: Pavillón central do centro cultural do centro cultural A. Aresana 1 f. (rehabilitación das antiguas escolas do Porto para casa de cultura, 2ª f) do concello de Ares incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999. Código 99.3400.1023.0

12.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Urbanización de parcela da casa do concello de Cabanas, incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999.Código 99.3400.1074.0

13.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Peche exterior e pav. AA.VV. Santa Cecilia, do concello de Ferrol, incluída no Plan 2000 infraestructuras adicional 1/1999. Código 99.3401.0025.0

14.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Pavillón multiusos AA.VV. Santa Cecilia, do concello de Ferrol, incluída no Plan 2000 baixas, anualidade 1999. Código 99.3430.0082.0

15.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Adecuación do pavillón da asociación de veciños de Santa Cecilia, do concello de Ferrol, incluída no Plan aforro de licitacións 1999. Código 99.3700.0070.0

16.- Aprobación do proxecto reformado da obra do concello de Ferrol, incluída no Plan 2000 infraestructuras, anualidades 1999 e 2000: beirarrúas e accesos ó cemiterio de Catabois, pl. Código 99.3400.1161.0

17.- Aprobación de proxecto reformado e incremento por estudio de seguridade e saúde da obra: Polideportivo cuberto de Fonte da Cruz-Santa Icia, pl. do concello de Narón, incluída no Plan 2000 infraestructuras, anualidades 1999 e 2000 (Código 99.3400.1268.0)

18.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Rehabilitación da Atalaia e acceso a praia Naval, do concello de Oleiros incluída na 5ª fase do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000. Código 99.3440.0125.0

19.- Aprobación do proxecto de finalización da subministración denominada: equipamento escola albergue de agricultura ecolóxica, do concello de Vilasantar, incluído na 5ª fase da anualidade 1999, do Plan de protección do ambiente 1999-2000. Código 99.3440.0129.0

20.- Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas da subministración denominada: camión recolledor compactador R.S.U., do concello de Cabana de Bergantiños, incluída na 3ª fase da anualidade 2000 do Plan de protección do ambiente 1999-2000. Código 00.3440.0312.0

**Vías e Obras**

21.- Aprobación do proxecto reformado, mellora e afirmado da E.P. 2104, treito Meirama (Vilares-Quintán).

**Medio Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social**

22.- Convenio co concello de Boqueixón sobre rehabilitación do edificio municipal de protección civil.

23.- Convenio coa asociación cidadá de loita contra a droga para realizar obras de construcción dunha unidade de asistencia de drogodependentes da Coruña.

24.- Corrección de erro no acordo de aprobación da primeira relación do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza.

25.- Segunda relación do Plan XXI para fomento do turismo de natureza.

26.- Dar conta e ratificación da modificación introducida no convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, e o Concello de Santiago de Compostela para dotar de equipamento básico o novo parque de bombeiros de Santiago.

27.- Modificación do texto do convenio de "Financiamento dun programa de alumnos da Universidade de Santiago de Compostela en hospitais comarcais da provincia no ano 2001".

28.- 11ª Fase do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular.

**Cultura, Deportes y Juventud**

29.- Convenio co Concello da Coruña e a Fundación "Biblioteca da casa consulado" para o financiamento da catalogación informatizada dos fondos bibliográficos e documentais desta.

**Personal, Réxime interior e Informática provincial**

30.- Modificación de complemento de destino e forma de provisión de postos de habilitación nacional.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**D E P U T A C I Ó N  P R O V I N C I A L**

**A CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE DECEMBRO DE 2001.**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de decembro de 2001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES**:

| | |
|---|---|
| DON JOSÉ BLANCO PAZOS | PP |
| DON JUAN BLANCO ROUCO | PP |
| DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ | PP |
| DOÑA PILAR CANDOCIA PITA | BNG |
| DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA | PSOE |
| DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA | PP |
| DON ANTONIO ERIAS REY | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ÁNGEL LÓPEZ SUEIRO | PSOE |
| DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS | PP |
| DON FÉLIX PORTO SERANTES | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES | PP |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ | PSOE |
| DON MIGUEL PRADO PATIÑO | PP |
| DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA | PSOE |
| DON AUGUSTO REY MORENO | PSOE |

| | |
|---|---|
| DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL | BNG |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP |
| DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON MANUEL VARELA REY | PP |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |

Escúsase o Sr. Mirás Franqueira.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o viceinterventor xeral, D. José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/01, CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2001**.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/01, do 23 de novembro.

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 19.500 DEICA A Nº 22.299**

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 19.500 á nº 22.299.

**3.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA (2º GRUPO).**

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para aclarar, tal e como xa adiantamos na comisión correspondente, que a nosa posición vai ser de abstención, en función tamén do criterio que mantivemos na aprobación da inclusión do primeiro grupo, e respectando, por suposto, a decisión soberana dos concellos de participar no sistema tributario posto en funcionamento pola deputación. Polo tanto mantemos a posición de abstención.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º)Aceptar a delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal que foi acordada no marco das bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia, aprobadas por esta Corporación na sesión celebrada o pasado día 29 de xuño, polos concellos de Cambre, Narón e Noia. Estas delegacións acéptanse a expensas de que os correspondentes acordos municipais sexan definitivos, e entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2002.

2º)Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento."

**4.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2002 E AS BASES DE EXECUCIÓN**.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Tamén brevemente para avanzar que imos votar en contra do dictame da Comisión, en primeiro lugar porque o dictame leva implícito a aprobación definitiva do orzamento e, en consecuencia, coherentemente co que fixemos na aprobación inicial, non imos votalo favorablemente, pero tamén queremos dicir que, en calquera caso, á parte dunha das alegacións que xa foi explicitamente recollida, como figura así no dictame da comisión, entendemos tamén que o resto das alegacións que figuraban nese escrito de reclamacións, no caso do noso grupo político serían asumibles. En consecuencia, como o que se propón é o rexeitamento dese escrito, o noso voto vai ser negativo á proposta que se trae a comisión.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar tamén o voto negativo a este punto número 4, do grupo socialista, e dou unha explicación de voto, non é porque esteamos en contra do dictame, estamos a favor do dictame, o que pasa é que como ten varios puntos e non se pode pedir votación afastada,

pola mesma razón que dixo o Sr. Doval, votamos en contra porque supón votar a favor dun orzamento que valoramos negativamente.

E coa súa venia, se vostede mo permite, e co permiso do Sr. Rodríguez Doval, gustaríame facer unha única intervención e explicar a nosa intención de voto sobre tódolos puntos que compoñen a orde do día desta sesión plenaria, e se fago esta única intervención, non é por unha cuestión do ambiente navideño que nos invade, nin tampouco por terminar canto antes a sesión plenaria, estamos aquí para destinar o tempo que sexa preciso, fágoo simplemente porque este é un Pleno puramente de trámite administrativo, que supón a culminación dunha serie de procedementos administrativos en marcha e que, por imperativo legal, hai que traer a un Pleno para a súa aprobación, aínda que quixera tamén facer algunhas valoracións.

Imos votar -anuncio primeiro o voto-, que si, a tódolos puntos, o 5, 6, 7, 8, 9, 10..., a todos, agás o punto número 30, que nos imos abster. E imos votar que si porque algunhas son cuestións de trámite, coma o punto número cinco, que é un informe da deputación sobre o cambio da capitalidade no Concello de Moeche, e logo hai 13 proxectos reformados. Sobre isto xa falamos moitas veces en tódolos plenos, porque en tódolos plenos se presentan proxectos reformados, imos votar que si, algúns non teñen incremento orzamentario, pero decidimos xa hai tempo que son obras que están en marcha, que foron adxudicadas e que hai que culminalas. Tamén se aproba no punto número 9 un acordo que nosoutros propuxemos a este Pleno en reiteradas ocasións de delegar no presidente a competencia para aprobar os proxectos reformados, as reformas de proxectos que non supoñan ningún incremento orzamentario, coa apostila que se incluiu na comisión, de que haberá que dar conta con posterioridade á comisión informativa, e decidimos, e se me permiten a ironía, dicimos que queremos coñecer porque non queremos perder o control, a estatística, a contabilidade dos numerosos proxectos reformados.

A min sorpréndeme cando vexo que...., o anterior presidente desta deputación dicía que o seu sucesor non tería nada que facer, porque deixaba todo feito, e efectivamente, pouco hai que facer, porque se non aprobamos os reformados dos proxectos, mal adxudicados moitos deles, e mal feitos moitos deles, en tempos do anterior presidente, os plenos serían de catro ou cinco puntos.

Eu non comprendo como nalgúns ambientes pode ter fama de bo xestor, porque á parte de deixar a deputación tambaleándose desde o punto de vista financeiro, estamos vendo que levamos xa sobre 300 ou 400 reformados de proxectos ó longo desta lexislatura. Eu tampouco sei aquilo que se dicía de que se ía crear moita man de obra, o que estamos vendo tamén é a desaparición de empresas que non poden executar eses proxectos que foron executados. E tamén me reitero no que dicía de que non entendo cómo pode ter esa fama de bo xestor, cando estamos vendo plans que se aprobaron no ano 98 e que aínda

hoxe, 28 de decembro do ano 2001, preséntasenos a undécima fase do Plan de recuperación de arquitectura popular, un plan que se aproba no ano 98 e que tería que estar adxudicado e finiquitado hai varios anos.

Tamén imos votar que si á inclusión das obras do Turismo da natureza, que nosoutros aplaudimos este plan porque entendiamos que era un plan positivo para a provincia. É indubidable que a nosa provincia ten un potencial tremendo no turismo, e que é bo que a deputación contribúa a fomentar, a desenvolver e a facer atractiva a provincia para o turismo, pero o que era unha idea boa, nun principio, estase vendo que se está aplicando cunha certa falta de rigorosidade na selección das obras ou nas subminisracións e que algunhas das obras contempladas neste Plan de turismo da natureza podían ter encaixe perfectamente noutros dos plans que desenvolve a Deputación provincial. A nosoutros sorprendeunos ver algunhas das obras que se inclúen aquí, como son: a celebración da I Exaltación da caldeirada da sardiña; adquisición de inodoro público para minusválidos, unha pérgola para uso de postos de pulpo no campo da feira; adquisición dun tractor; adquisición dunha carpa municipal, adquisición dunha pa retroexcavadora e rozadora, ou a conversión dunha rúa en peonil. Ben, imos votar que si, cremos que este plan é un bo plan, pero pediriamos que houbese unha maior rigorosidade por parte da deputación á hora de seleccionar as obras que conforman este plan.

E, por outra parte, tráesenos tamén a aprobación unha serie de convenios, que imos votar a todos que si, xa coñecen vostedes a nosa posición sobre os convenios, cremos que o convenio é unha forma extraordinaria de actuación que non debería xeneralizarse, pero é unha decisión política, unha decisión que vostedes tomaron e nosoutros imos apoialo tamén.

Polo tanto, feitas estas salvidades, reitero que o noso voto vai ser favorable a tódolos puntos que están incluídos na orde do día, coa única excepción do punto número 30, que nos imos abster.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: 13 deputados (9 do PSOE e 4 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Concluído o día 15 de decembro o período de exposición pública do orzamento xeral da Deputación provincial para o exercicio 2002, aprobado inicialmente na sesión

plenaria do 23 de novembro último e presentado contra el reclamación subscrita por D. Javier Varela Carro, delegado sindical da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) nesta Deputación provincial, vista a dita reclamación e os informes administrativos emitidos sobre a reclamación; procede:

1º.-Modificar o apartado 6º da base 43 das de execución do orzamento provincial, conforme ó solicitado no apartado segundo do escrito de reclamación, que quedará redactada nos seguintes termos:

"...

6º.-Seguindo o espírito de adecuación xeral ó réxime de previsión de funcionarios civís do Estado, as axudas que con carácter graciable se viñan concedendo para diversas continxencias asistenciais non incluídas na cobertura do vixente réxime de Asistencia Sanitaria e farmaceútica serán as establecidas nas Ordes do Ministerio para as Administracións públicas do 18 de setembro de 2001, 3 de xullo de 1990 e lexislación complementaria e de desenvolvemento delas, e demais concedidas por Muface ós seus asegurados. Como mellora das prestacións obrigatorias concederanse as axudas establecidas no Acordo plenario do 9 de agosto de 1996."

2º.-Rexeitar as alegacións contidas no apartado terceiro da reclamación contra a aprobación do Orzamento xeral para o exercicio 2002.

3º.-Aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación Provincial do exercicio 2002 e as bases para a súa execución, coa modificación citada no apartado primeiro, conforme co establecido no artigo 150.1 da LRFL en concordancia co art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos, o orzamento xeral, segundo o que establece o art. 150.3 da Lei reguladora de facendas locais, en concordancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril e notificar o acordo definitivamente ó representante da Sección Sindical da Confederación Intersindical Galega (CIG) para o seu coñecemento e para os efectos establecidos no artigo 152 da citada lei e no art. 23 do R.D. 500/90 do 20 de abril."

**5.- INFORME DA DEPUTACIÓN SOBRE O CAMBIO DE CAPITALIDADE DO CONCELLO DE MOECHE**.

INTERVENCIÓNS

Sra. Candocia Pita

É para anunciar o voto favorable do grupo do BNG ós puntos 5, 6, 7, 8 e 9, pero no 9 quero facer unha intervención, e é que sobre este acordo de aprobación dos proxectos reformados das obras incluídas nos plans que non supoñan variación orzamentaria, e que non representen unha modificación substancial, nosoutros imos votar favorablemente para resolver un problema administrativo, pero queremos que quede de manifesto que entendemos que non queda resolto o problema político e, moito menos, o problema económico, que é o problema real que está tendo tanta modificación como estamos tendo desde que se iniciou a lexislatura. Máis nada.

**ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Visto o acordo do Pleno do concello de Moeche polo que se aprobou inicialmente o cambio de capitalidade do municipio do lugar de Pereiro (parroquia de San Xurxo) ó lugar de San Ramón (parroquia de San Xoan); en virtude do disposto no artigo 48 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia:

Emitir informe favorable sobre o cambio de capitalidade do concello de Moeche do lugar de Pereiro (parroquia de San Xurxo) ó lugar de San Ramón (parroquia de San Xoán)."

**6.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA : PAVILLÓN CENTRAL DO CENTRO CULTURAL ARESANO (REHABILITACIÓN DAS ANTIGAS ESCOLAS DO PORTO PARA CASA DA CULTURA, 3ª FASE) DO CONCELLO DE ARES, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0195.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Ares relativa ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000.

Aproba-lo proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto."

| Código | Denominación | Deputación | Estado | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|
| 00.2100.0195.0 | Pavillón central centro cultural Aresano" (Rehabilitación das antigas Escolas do Porto para Casa da Cultura 3F) (Concello de Ares) | 12.644.747 | 3.566.467 | 16.211.214 |

**7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: AMPLIACIÓN AFIRMADO VILAR CALO-SOLLÁNS, DO CONCELLO DE TEO, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0161.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Teo relativa ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto."

| Código | Denominación | Deputación | Estado | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 00.2100.0161.0 | Ampliación afirmado Vilar Calo-Sollans | 4.126.444 | 654.193 | 251.613 | 5.032.250 |

**8.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA: REPARACIÓN DE PONTES, PARROQUIA DE TRASANQUELOS, DO CONCELLO DE CESURAS, INCLUÍDA NO PLAN DE TEMPORAIS 2001, COFINANCIADO POLO MAP, XUNTA, DEPUTACIÓN E CONCELLOS, APARTADO OBRAS MUNICIPAIS. CÓDIGO 01.2910.0145.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Cesuras tocante á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan de temporais 2001 cofinanciado polo MAP, Xunta de Galicia, deputación e concellos, apartado obras municipais que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 14 de setembro e 23 de novembro de 2001.

Aproba-la modificación do proxecto para a execución da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan de temporais 2001 cofinanciado polo MAP, Xunta de Galicia, Deputación e concellos, apartado obras municipais no seu conxunto."

| Código | Denominación | Xunta | Estado | Concello | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 01.2910.0145.0 | Reparación pontes parroquia de Trasanquelos (Concello de Cesuras) | 1.101.966 | 2.180.939 | 1.078.973 | 4.361.878 |

**9.- ACORDO SOBRE A APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS INCLUÍDAS EN PLANS PROVINCIAIS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN QUE NON SUPOÑAN VARIACIÓN DO SEU ORZAMENTO TOTAL E QUE NON REPRESENTEN UNHA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL**.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Establecer que a aprobación das modificacións dos proxectos correspondentes ós investimentos incluídos en plans provinciais aprobados por esta Deputación, que non representen unha modificación no presuposto total da obra e que non supoñan alteración substancial do contido do proxecto, nin varíe a finalidade nin o obxecto da obra, sexan aprobados, no sucesivo, polo órgano de contratación, tanto no caso de que os investimentos foran contratados pola Deputación como polos respectivos concellos.

No suposto de que a contratación das obras a realicen os respectivos concellos, a aprobación da modificación do proxecto realizaraa o órgano municipal competente, debendo o concello comunicarlle á Deputación a súa aprobación mediante a remisión do correspondente acordo ou resolución, así como do correspondente proxecto modificado, para os efectos de que a Deputación poida tomar coñecemento desta aprobación e poida servir de base para realizar a fiscalización das certificacións de execución de obra.

Noutro caso, cando as modificacións dos proxectos representen unha variación no seu presuposto total ou impliquen unha alteración substancial do contido do proxecto, ou varíe a finalidade ou o obxecto da obra, debe considerarse que supón unha modificación do Plan e en consecuencia deben ser obxecto de aprobación polo Pleno da Corporación.

Das aprobacións de proxectos reformados que non son sometidas ó Pleno da Deputación darase conta á Comisión Informativa correspondente."

**10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE REHABILITACIÓN DE TORRES DO ALLO, ZAS**.

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Tamén cun criterio unificador, indicarei que imos agrupar os votos correspondentes ós dictames desta comisión, é dicir, do 10 ó 20 incluídos, que van ser favorables excepto en dous casos, que é onde se producen modificados con variación económica, que serían o

número 10, é dicir, o primeiro punto, e o número 17, aínda que por circunstancias diferentes, porque no caso do 17 tamén queremos facer unha mención especial a que non compartimos a decisión que se adopta no sentido de imputar o incremento económico ó concello, é dicir, ó contrario do que se está facendo na maioría dos casos, que é imputalo ás arcas da Deputación, aquí o que se fai é asumilo a deputación, pero despois facer unha minoración, ou tomar un acordo que se minorará de cara ó futuro no primeiro acordo que se tome, digamos dalgún plan, para ese concello, para o concello de Narón, de detraerlle, paréceme que son 1.400.000 pesetas, que sería a cantidade a maiores. Nosoutros non compartimos esa filosofía, é dicir, se hai que facer eses modificados, que se fagan, pero o que non se pode é manter un criterio de que nuns casos o afronta a Deputación, e que noutros casos impútaselle ó concello, xa sabemos que non é o primeiro caso, pero en calquera caso, tampouco estamos de acordo. É dicir, que concretando, abstención nos puntos 10 e 17, e no resto, entre o 10 e o 20, sería o voto favorable.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar o proxecto reformado de rehabilitación Torres do Allo, Zas, polo seu orzamento de contrata de 185.058.099.- ptas. (1.112.221,587), que representa un incremento respecto ó primitivo de 14.182.662.- ptas. (85.239,52), (código reformado 00.4100.0394.8), incluído no Plan 2000 de rehabilitación do Patrimonio Histórico Provincial 1999 (integrado na 6ª fase do Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular).

2.-Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo, a empresa Extraco, construcciones e proxecto, S.A., (Cif A32002644), as modificacións do contrato que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 169.957.357.- ptas. (1.021.464,29€), que representa un incremento respecto ó primitivo de 13.025.357.- ptas. (78.283,97€).

3.-Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 567.306.- pesetas, (3.409,58€) que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 7.402.324.- ptas. (44.488,86€)."

**11.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA: PAVILLÓN CENTRAL DO CENTRO CULTURAL DO CENTRO CULTURAL A. ARESANA 1 F. (REHABILITACIÓN DAS ANTIGUAS ESCOLAS DO PORTO PARA CASA DE CULTURA, 2ª F) DO CONCELLO DE ARES INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1999. CÓDIGO 99.3400.1023.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo concello de Ares relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 6ª fase, que foi aprobada o día 12 de febreiro e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto."

| Código | Concello | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|---|
| 99.3400.1023.0 | Ares | "Pavillón central centro cultural A. Aresana, 1F" (Rehabilitación das antigas escolas do Porto para casa da cultura, Fase 2ª) | 11.915.045 |

**12.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: URBANIZACIÓN DE PARCELA DA CASA DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NO PLAN 2000 DE INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADE 1999.CÓDIGO 99.3400.1074.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo concello de Cabanas relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 1ª fase, que foi aprobada o día 30 de outubro de 1998 e da que a contratación lle corresponde a esta deputación.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras no seu conxunto."

| Código | Conc. | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|---|
| 99.3400.1074.0 | Cabanas | Urbanización parcela casa do concello | 24.879.370 |

**13.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: PECHE EXTERIOR E PAV. AA.VV. SANTA CECILIA, DO CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS ADICIONAL 1/1999. CÓDIGO 99.3401.0025.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Ferrol relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, adicional 1/99, 1ª fase que foi aprobada o día 11 de xuño de 1999 e da que a contratación lle corresponde ó concello de Ferrol.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras adicional 1/99 no seu conxunto."

| Código | Concello | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|---|
| 99.3401.0025.0 | Ferrol | Peche exterior e pav. Asociación de veciños Sta. Cecilia | 4.904.932 |

**14.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: PAVILLÓN MULTIUSOS AA.VV. SANTA CECILIA, DO CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NO PLAN 2000 BAIXAS, ANUALIDADE 1999. CÓDIGO 99.3430.0082.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo concello de Ferrol relativa á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 baixas, anualidade 1999, 2ª fase que foi aprobada o día 11 de xuño de 1999.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se indicia, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 baixas 1999 no seu conxunto."

| Código | Conc. | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|---|
| 99.3430.0082.0 | Ferrol | Pavillón multiusos AA.VV. Santa Cecilia | 6.991.074 |

**15.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: ADECUACIÓN DO PAVILLÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTA CECILIA, DO**

**CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NO PLAN AFORRO DE LICITACIÓNS 1999. CÓDIGO 99.3700.0070.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Ferrol tocante á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan aforro licitacións 1999 que foi aprobado o día 11 de xuño de 1999.

Aprobar o proxecto reformado da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan aforro licitacións 1999 no seu conxunto."

| Código | Concello | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|---|
| 99.3700.0070.0 | Ferrol | Adecuación pavillón asociación de Veciños Santa Cecilia | 6.000.000 |

**16.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DO CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADES 1999 E 2000: BEIRARRÚAS E ACCESOS Ó CEMITERIO DE CATABOIS, PL. CÓDIGO 99.3400.1161.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Vista a solicitude formulada polo Concello de Ferrol relativa á aprobación do proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, 6ª fase, que foi aprobada o día 12 de febreiro de 1999 da que a contratación lle corresponde ó Concello de Ferrol.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do Plan 2000 de infraestructuras, anualidade 1999, no seu conxunto."

| Código | Denominación | Orzamento 1999 | Orzamento 2000 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| 99.3400.1161.0 | Beirarrúas e accesos cemiterio de Catabois, PL (Conc. Ferrol) | 17.393.614 | 5.882.417 | 23.276.031 |

**17.- APROBACIÓN DE PROXECTO REFORMADO E INCREMENTO POR ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: POLIDEPORTIVO CUBERTO DE FONTE DA CRUZ-SANTA ICIA, PL. DO CONCELLO DE**

**NARÓN, INCLUÍDA NO PLAN 2000 INFRAESTRUCTURAS, ANUALIDADES 1999 E 2000 (CÓDIGO 99.3400.1268.0)**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (16 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º.-Aprobar o proxecto reformado cun orzamento de contrata de 75.000.000 de ptas. da obra Polideportivo cuberto Fonte da Cruz-Santa Icía, pl., incluída na 4ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 de infraestructuras que foi aprobada o 23 de decembro de 1998, e a modificación do orzamento deste pola adición do Estudio de seguridade e saúde con custo adicional, por importe de 1.242.360 ptas. (código: 00.3400.1628.1) que supón un novo orzamento de contrata de 76.242.360 ptas.

Con isto o financiamento definitivo deste proxecto plurianual queda como segue:

| | Orzamento de contrata aprobado inicialmente | Novo orzamento de contrata por incremento de estudio de seguridade e saúde | Diferencia |
|---|---|---|---|
| 1.999 | 69.415.561 | 69.415.561 | 0 |
| 2.000 | 5.584.439 | 6.826.799 | 1.242.360 |
| **TOTAL** | 75.000.000 | 76.242.360 | 1.242.360 |

O financiamento do incremento impútase na súa totalidade á anualidade 2000 e financiarase con cargo ó saldo dispoñible existente na partida 0501/519Z/60187 do vixente orzamento provincial 2001.

2º.-Dispor a súa publicación no BOP para os efectos de que durante 10 días poidan presentarse as alegacións que se consideren oportunas, considerándose definitivamente aprobado unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3º.-Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para que emitan informe ó respecto considerándoo emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa recepción."

**18.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: REHABILITACIÓN DA ATALAIA E ACCESO A PRAIA NAVAL, DO CONCELLO DE OLEIROS INCLUÍDA NA 5ª FASE DO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 99.3440.0125.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra rehabilitación da Atalaia e acceso á praia de Naval (código 99.3440.0125.0) do Concello de Oleiros, que foi incluída na 5ª fase do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000 aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 30/06/00, dado que a modificación non supón variación nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento da obra nin do plan no seu conxunto."

**19.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA: EQUIPAMENTO ESCOLA ALBERGUE DE AGRICULTURA ECOLÓXICA, DO CONCELLO DE VILASANTAR, INCLUÍDO NA 5ª FASE DA ANUALIDADE 1999, DO PLAN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 99.3440.0129.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Visto o expediente de resolución de contrato que se tramita en relación á subministración denominada "Equipamento escola-albergue de agricultura ecolóxica" do Concello de Vilasantar, co código 99.3440.0129.0, incluído na 5ª fase da anualidade 1999 do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, parcialmente executado.

Visto o prego de prescricións técnicas de terminación redactado polo técnico municipal do concello onde se inclúen novas unidades non contempladas no prego inicial en substitución doutras unidades que se suprimen do proxecto inicial.

1º.-Aprobar por un importe total de 3.301.306 ptas. sobre o orzamento de contrata, o prego de finalización da subministración: "Terminación equipamento escola-albergue de agricultura ecolóxica" do concello de Vilasantar, co código 99.3440.0129.1.

Con isto os datos de financiamento desta subministración ofrecen o seguinte resumo:

| **TERMINACIÓN EQUIPAMENTO ESCOLA-ALBERGUE DE AGRICULTURA ECOLÓXICA** | |
|---|---|
| **CÓDIGO** 99.3440.0129.1 | **ORZAMENTO DE CONTRATA** |
| DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS | 3.301.306 |
| TOTAL | 3.301.306 |

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a el, entenderase definitivamente aprobado."

**20.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA: CAMIÓN RECOLLEDOR COMPACTADOR R.S.U., DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE 1999-2000. CÓDIGO 00.3440.0312.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Aprobar a modificación do prego de prescricións técnicas reguladoras da subministración denominada: Camión recolledor-compactador de R.S.U. (código 00.3440.0312.0) do Concello de Cabana de Bergantiños, da que a contratación lle corresponde ó concello, que foi incluido na 3ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do ambiente, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.07.01, dado que a modificación non supón variación, nin no obxecto, nin na finalidade, nin no orzamento do prego da subministración nin no plan no seu conxunto."

**21.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO, MELLORA E AFIRMADO DA E.P. 2104, TREITO MEIRAMA (VILARES-QUINTÁN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar o proxecto reformado de mellora e afirmado da E.P. 2104 treito Meirama (Vilares-Quintán) polo seu orzamento de contrata de 4.898.363 ptas. que non supón incremento ningún respecto ó primitivo.

2.-Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, obras e viais de Galicia, S.L. (Oviga con Cif B15608193) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación non representa modificación do prezo de adxudicación de 3.441.000.- ptas.

3.-Non concorrendo as circunstancias establecidas no art. 42 LCAP, (modificada polo Real decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño, Texto refundido da Lei de contratos das

Administracións públicas) de alteración do valor do contrato é innecesario o incremento das fianzas constituídas."

**22.- CONVENIO CO CONCELLO DE BOQUEIXÓN SOBRE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO MUNICIPAL DE PROTECCIÓN CIVIL**.

(Entra no salón o Sr. García Liñares).

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Para anunciar o voto negativo do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego para a sinatura deste convenio co Concello de Boqueixón, e telegraficamente por outras dúas consideracións.

En primeiro lugar, direi que este ano asistimos a unha asiduidade de acudir á figura, unha figura contemplada efectivamente na Lei de réxime local, como é a de establecer convenios, para tratar de facer unha cooperación cos concellos en situacións excepcionais. En todo caso, sempre hai, a través dos informes técnicos requiridos para aprobar os distintos expedientes, a reiteración tamén por parte dos negociados, ou das áreas de Patrimonio e Contratación e Intervención, e a Secretaría Xeral, no sentido de dicir que a cooperación da deputación cos concellos sempre se debe de facer a través de plans e con criterios o máis obxectivos posibles para facer a distribución de fondos. Neste caso o do Concello de Boqueixón, que é para rehabilitar un edificio de protección civil, encaixaría perfectamente no que é o Plan 2000 de construcción de parques de bombeiros e de protección civil, e de feito o Concello de Boqueixón acudiu á convocatoria a través das bases de execución e apareceu na programación aprobada en xaneiro do 99 para a construcción dun edificio de protección civil. ¿Por que non se fai a través deste plan de cooperación?, porque evidentemente, o concello de Boqueixón incumpre un requisito substancial e previo, que é o de contar cunha parcela de titularidade municipal, que cumpra os requisitos que nas mesmas bases se contemplan. Como o concello, e entón non sabemos porque aparece na programación do Plan 2000 de construccións de edificios de protección civil, non conta con esta parcela, acode a establecer convenios, e a deputación establece convenios a través dunha maioría política que se salta, evidentemente, o que serían os cauces ordinarios para que houbera unha distribución de fondos públicos o máis obxectiva posible. Neste senso, como nosoutros

entendemos que é unha deturpación, ou unha perversión total de cales deben ser os motivos polos que cheguen a establecer convenios para determinados servicios os concellos, nosoutros entendemos que non podemos dar o voto favorable e, polo tanto, votaremos en contra.

Sr. Varela Rey

No punto ó que nos estamos referindo, que é para formalizar un convenio co concello de Boqueixón para incorporar un edificio de protección civil, como ben di a deputada do BNG, o concello de Boqueixón estaba incorporado dentro do Plan de construcción de parques de protección civil por parte da Deputación provincial; para iso requiríanse unha serie de condicións. O concello de Boqueixón pode ofertar unha parcela ou, como é o caso, oferta un edificio e di, facendo menos investimento, o concello queda mellor, porque entende que lle dá máis resultado a rehabilitación dese edificio, que cumpre mellor os requisitos, incluso hai un aforro económico para a deputación provincial, creo que non hai unha previsión de ningún tipo, en todo caso, o propio edificio do que estamos falando para rehabilitar, tamén está asentado nunha parcela, co cal tamén cumpriría esa situación, estaría cumprindo tódolos requisitos. Eu creo que é moito mellor investir eses quince millóns e medio, que investir moito máis diñeiro para que o resultado final fora o mesmo. Entón, parécenos, primeiro, pola propia autonomía do concello de posibilitar este acordo, en aras a ser positivos na realización dos obxectivos desta deputación e desta institución, eu creo que convén ás dúas partes aforrar diñeiro, quedar todos contentos porque se cumpren os obxectivos e, polo tanto, eu creo que este convenio está plenamente xustificado para alcanzar o que pretenden as dúas institucións.

Sra. Vázquez Veras

Moi brevemente. En primeiro lugar direi que non hai ningún aforro, porque os módulos que se fixan para a construcción dos edificios de protección civil custaban, na primeira programación, por un valor de 15 millóns de pesetas, e aquí hai un convenio asinado por 15.500.000 pesetas, é dicir, aforro, ningún. ¿Que aforro pode haber?, efectivamente, que despois houbo reformados de proxectos practicamente en tódalas obras que viñeran para aprobar, ben, aforrámonos esa picaresca de non chegar ó 20% de reformado para que non haxa que facer un novo proxecto. E en segundo lugar, eu non entendo como dentro da programación se inclúe un convenio onde un requisito previo era unha parcela, e de feito nos informes, incluso do servicio que fai a proposta, que é Promoción Económica, dise claramente que a rehabilitación do edificio tería que se facer, para que entrara dentro da programación, a través dunha reforma, outra reforma, ou outra modificación, das bases de execución do Plan 2000 do que estamos falando.

Polo tanto, evidentemente, suponse que a parcela onde está situado neste momento este edificio non cumpre os requisitos que se pedían nas bases de execución, en todo caso, ou que se fagan as bases dunha maneira que, efectivamente, facilite ós concellos o poder acceder a estes distintos plans, ou senón, evidentemente, como Boqueixón hai outros 60 municipios da provincia que quedan sen edificios de protección civil que eu non digo 60, pero si posiblemente 20, 30 ou 40, estarían en disposición de tamén querer ter un edificio de protección civil no seu concello; ¿que pasa?, que ó mellor, por non cumprir os requisitos das bases non puideron entrar na programación. É por iso polo que nosoutros dicimos que é a perversión, non é que neguemos, en todo caso, que ó mellor Boqueixón si precisa a rehabilitación do edificio, ou necesitaría un edificio novo, tamén o resto dos concellos da provincia que non accederon ó concurso onde había uns requisitos previos, que Boqueixón non cumpría, e entón asínase o convenio con Boqueixón. Ben, ou isto abre a espicha de convenios para edificios de protección civil, ou o resto dos concellos, ó mellor incluso por non estar ó corrente e non informarse, quedan sen un servicio que, efectivamente, podemos considerar que pode ser básico para tódolos concellos da provincia.

Sr. Varela Rey

A Sra. deputada incorpora nesta fase da súa intervención outros aspectos, como son os criterios de selección para ter un parque de protección civil, e tamén non achega os datos que son imprescindibles, como no tema de Boqueixón é a súa situación xeográfica, estratéxica, e mesmo o tempo que leva con grupos municipais de intervención rápida, onde os datos que fornece o Concello de Boqueixón son significativos e moi importantes para contar xustamente como parque de protección civil.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: 4 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

**ACORDO**

Apróbase o seguiente dictame da comisión:

"1.-Aprobar o texto do convenio que se vai subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón para rehabilitar o edificio municipal sede de Protección Civil.

2.-A achega provincial establecida no convenio ascende a un máximo de 15.500.000 pesetas.

A achega farase efectiva unha vez xustificados os gastos de execución da instalación, consonte coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/223A/762.99.

3.-Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.-O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil un

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

Doutra parte D. Adolfo Gacio Vázquez, como Alcalde-presidente do Concello de Boqueixón.

EXPOÑEN:

1.-Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón consideran de mútuo interese o obxectivo de executar a rehabilitación do edificio sede de Protección Civil do concello.

2.-Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de cooperar cos concellos da provincia no sostemento dos servicios de competencia municipal, entre eles o da Protección Civil, e que o Concello de Boqueixón ten operativo un Grupo municipal de intervención rápida (GMIR).

3.-Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello de Boqueixón, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA**

O concello de Boqueixón é un dos dezaseis da provincia que conta cun grupo municipal de intervención rápida (GMIR), operativo desde o ano 1997. As dúas Administracións asinantes conveñen a realización dos trámites precisos para rehabilitar o edificio onde se encontran situados os servicios municipais do grupo municipal de intervención rápida e da agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Boqueixón.

O proxecto técnico conforme ó cal será executado o investimento foi redactado pola arquitecto Dna. Ana González Gil, cun orzamento de contrato de 15.500.000 ptas. = 93.156,87 euros.

O concello remitirá certificación do acordo plenario polo que se aprobe.

**SEGUNDA.-FINANCIAMENTO**

A Deputación da Coruña financiará o 100% do proxecto cunha achega total de 15.500.000 pesetas (quince millóns cincocentas mil pesetas) = 93.156,87 euros, co obxectivo de cubrir o custo derivado da execución do proxecto: Rehabilitación do edificio de protección civil do Concello de Boqueixón, a cantidade citada pagarase contra a presentación das certificacións de obra xustificativas da execución do proxecto que será contratado polo concello consonte co prego de condicións aprobado pola Deputación provincial para as obras polo sistema de poxa.

No suposto de que se aproben proxectos modificados ou liquidacións, o financiamento da deputación non superará, en ningún caso o límite máximo da súa achega.

**TERCEIRA.-NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten natureza xurídica administrativa, as cuestións litixiosas que puideran surxir en relación con el será compentecia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran surxir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio de contratos das Administracións públicas.

**CUARTA.- COMISIÓN MIXTA**

Co fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio establecerase unha comisión mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade nomeados polo presidente da Corporación.

**QUINTA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e finalizará a súa vixencia co cumprimento do obxecto previsto nel, e, en todo caso o día 30 de novembro de 2002.

**SEXTA.-NATUREZA E LEXISLACIÓN COMPETENTE**

O presente convenio ten natureza administrativa e as resolucións ou acordos que se adopten porán fin á vía administrativa e polo tanto, contra elas só cabe recurso perante á xurisdicción contencioso-administrativa.

En proba de conformidade as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados na súa cabeceira.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día

Para resolver as dúbidas ou lagoas que surxan na interpretación do presente convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 13/95 de contratos das Administracións públicas."

**23.- CONVENIO COA ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA PARA REALIZAR OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE DE ASISTENCIA DE DROGODEPENDENTES DA CORUÑA.**

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Anunciar a abstención do noso grupo na sinatura deste convenio porque, estando de acordo con que é necesaria a construcción dunha unidade de asistencia de drogodependencias na Coruña, por parte deste grupo, non provincial, pero si municipal, abstivémonos pola situación, que é unha situación cuestionada absolutamente por tódolos sectores que poden estar implicados neste tema, desde os traballadores do centro ata os usuarios, ou as asociacións que traballan neste sector dos servicios sociais e, polo tanto, ímonos abster.

En todo caso, anunciarei que o punto 24, sen intervención, imos votar que si, ó 25, por ser a segunda relación do Plan XXI para fomento do turismo da natureza, ímonos abster, como na anterior fase, e o número 26 votar que si, no 27, que é a modificación dun texto dun convenio, que nos abstivemos, seguir absténdonos, e na 11 fase do Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular, absternos tamén no punto. Moitas gracias.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar o texto do convenio que se achega.

2.-Facultar á Presidencia para todo o necesario tocante á sinatura e o seu desenvolvemento."

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE ASISTENCIAL NA CORUÑA.**

A Coruña, de de dous mil un.

**REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almau Supervía e don César Alvarez Vázquez, en calidade de presidente da Asociación Cidadá de Loita contra a Droga ACLAD.

**EXPOÑEN**

1º) É competente a deputación conforme á Lei de Servicios Sociais art. 22-a, apartado 6, para a colaboración no financiamento de equipamentos de entidades de iniciativa social en servicios sociais de atención especializada e carácter supramunicipal.

2º)A asociación ACLAD ten como finalidade a defensa dos individuos e da colectividade contra a utilización ilícita de todo tipo de drogas, e dentro dese ámbito, atenderá os seguintes fins, entre outros: e)a prevención, asistencia, rehabilitación e formación profesional e ocupacional de pacientes drogodependentes.

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA**.-

A Deputación formúlase como obxectivo deste convenio o desenvolvemento na provincia dos recursos destinados á atención de toxicómanos, mediante a colaboración con ACLAD, financiando a creación de Unidade Asistencial de Drogodependencias na Coruña, concretándose a actuación da deputación no financiamento das obras incluídas na 1ª fase do proxecto de obra redactado polo arquitecto don Enrique Roel Estrada, segundo o orzamento da dita 1ª fase, presentado pola constructora e que figura como anexo ó convenio.

**SEGUNDA**.

A Asociación Cidadá de Loita contra a Droga, comprométese á execución do proxecto, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio, realizando as obras previstas. Serán do seu cargo, as autorizacións, seguros, licencias e cargas que correspondan para a súa execución.

A asociación fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da obra de colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente lle corresponde á asociación, a remisión de canto informe ou documentación se seguira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seu seguimento.

**TERCEIRA**.

A deputación achegará un máximo de 20.000.000 ptas., para gastos de execución da 1ª fase do proxecto presentado sendo por cargo da asociación a restante achega que se requira, para executar a dita fase, con cargo á partida 0701/313.M/780.99 do presuposto vixente.

**CUARTA**.

A. A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º pagamento: O 50% trala presentación previa da documentación xustificativa á que se refire o punto B da presente cláusula.

2º pagamento: O 50% restante unha vez xustificada a totalidade da fase de obra subvencionada, trala presentación previa da documentación á que se refire o punto B da presente cláusula.

B. A documentación xustificativa requirirá:

1º)Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

2º)Execución das obras: se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material ou facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

3º)Sinalar conta de titularidade da asociación para efectuar os pagamentos.

4º)Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficios industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

5º)Para o cobramento do último prazo requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para o que foi concedido.

6º)Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración, se é o caso, de non ter outras axudas públicas ou privadas.

No suposto de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificados foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Si, para a realización do obxecto do presente convenio a asociación obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas que en concorrencia coa concedida superará o total do custo da actividade, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servicios Sociais, do Servicio de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

**QUINTA**.

O período de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura ata a finalización prevista das obras que constitúe o seu obxecto, debéndose presentar a documentación xustificativa antes do 31 de outubro de 2002, tendo por tanto vixencia ata esa data.

**SEXTA**.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

**SÉTIMA**.

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

-O incumprimento das cláusulas do convenio.
-A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deu lugar a súa concesión.
-A falta de xustificación das cantidades.

**OITAVA**.

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O presidente da deputación

Asdo.: José Luis Torres Colomer

O presidente da Asociación Cidadá de loita contra a Droga, ACLAD

Asdo.: César Álvarez Vázquez

O secretario

Asdo.: José Luis Almau Supervía

**24.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DE APROBACIÓN DA PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN XXI PARA O FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA**.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Por acordo plenario con data do 26.10.01, aprobouse entre outros a 1ª relación do Plan XXI para o fomento do turismo da natureza na provincia da Coruña, en dito acordo no punto dous apróbase a seguinte redacción:

"2.-A achega provincial ás obras incorporadas a esta relación, ascende a un total de 140.343.353.- ptas., será imputada á partida orzamentaria 0305/751A/76299, e os servicios incorporados ascenden a 14.151.184.- ptas. con cargo á partida 0305/751A/46299 correspondente ós concellos 8.766.126.- ptas."

Advertido o erro existente relativo á partida 0305/751A/46299, proponse a súa corrección debendo redactarse nos seguintes termos:

"2.-A achega provincial ás obras incorporadas a esta relación, ascende a un total de 140.343.353.- ptas. será imputada á partida orzamentaria 0350/751A/76299, e os servicios incorporados ascenden a 14.151.184.- ptas. con cargo á partida 0305/751A/46200 correspondente ós concellos 8.766.126 ptas."

**25.- SEGUNDA RELACIÓN DO PLAN XXI PARA FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA**.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Examinados os informes emitidos pola Sección de Promoción Económica e Intervención Provincial.

1.-Aprobar a segunda relación de obras, subministracións e servicios do Plan XXI para o fomento do turismo de natureza na provincia da Coruña. Os investimentos, subministracións e servicios desta segunda relación que vai contratar cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

| **Código** | **Concello/Obra** | | | **Ozto. total** |
|---|---|---|---|---|
| 01.4300.0059.0 | **AMES** | | | |
| | ACONDICIONAMENTO DE ACCESO Á IGREXA DE STA. MARÍA DE TRASMONTE | Concello: | 4.476.554 pta. | 26.904,63 euro |
| | | Dep. fondos propios: | 2.259.662 pta. | 13.580,84 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.201.098 pta. | 19.238,99 euro |
| | | **Total**..... | 9.937.314 pta. | 59.724,46 euro |
| 01.4300.0060.0 | **ARANGA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | TRÍPTICO RUTAS DE SENDEIRISMO | Dep. fondos propios: | 116.911 pta. | 702,65 euro |
| | | Dep. préstamo: | 165.618 pta. | 995,38 euro |
| | | **Total**..... | 282.529 pta. | 1.698,03 euro |
| 01.4300.0061.0 | **ARANGA** | Concello. | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ESTUDIO RUTAS PAISAXÍSTICAS E CULTURAIS | Dep. fondos propios: | 445.707 pta. | 2.678,75 euro |
| | | Dep. préstamo: | 631.401 pta. | 3.794,80 euro |
| | | **Total**.... | 1.077.108 pta. | 6.473,55 euro |
| 01.4300.0062.0 | **ARANGA** | Concello: | 48.625 pta. | |
| 292,24 euro | | | | |
| | MOBILIARIO | Dep. fondos propios: | 690.787 pta. | 4.151,71 euro |
| | | Dep. préstamo: | 978.588 pta. | 5.881,43 euro |
| | | **Total**.... | 1.718.000 pta. | 10.325,39 euro |
| 01.4300.0507.0 | **ARANGA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E SINALIZACIÓN DE RUTA DE SENDEIRISMO | Dep. fondos propios: | 1.404.008 pta. | 8.438,26 euro |
| | | Dep. préstamo: | 0 pta. | 0,00 euro |
| | | **Total**.... | 1.404.008 pta. | 8.438,26 euro |
| 01.4300.0028.0 | **ARES** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A PRAIAS | Dep. fondos propios: | 845.033 pta. | 5.078,75 euro |
| | | Dep. préstamo: | 1.197.096 pta. | 7.194,69 euro |
| | | **Total**.... | 2.042.129 pta. | 12.273,44 euro |
| 01.4300.0029.0 | **ARES** | Concello. | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | MELLORA DE EQUIPAMENTOS EN PRAIA XUNCAL | Dep. fondos propios: | 716.085 pta. | 4.303,76 euro |
| | | Dep. préstamo: | 1.014.424 pta. | 6.096,81 euro |
| | | **Total**.... | 1.730.509 pta. | 10.400,57 euro |

01.4300.0063.0 **ARES** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO DE ÁREA RECREATIVA
Dep. fondos propios: 2.011.634 pta. 12.090,16 euro
Dep. préstamo: 2.849.733 pta. 17.127,24 euro
**Total**..... 4.861.367 pta. 29.217,40 euro

01.4300.0030.0 **ARTEIXO** Concello:
0,00 euro

ACONDICIONAMENTO DAS MARXES DO RIO SEIXEDA, DENDE A ÁREA RECREATIVA ATA VILARRODÍS
Dep. fondos propios: 4.857.393 pta. 29.193,52 euro
Dep. préstamo: 6.881.110 pta. 41.356,30 euro
**Total**..... 11.738.503 pta. 70.549,82 euro

01.4300.0044.0 **ARZÚA** Concello:
0,00 euro

CONSTRUCCIÓN PÉRGOLA PARA USO DOS POSTOS DE PULPO NO CAMPO DA FEIRA (1ª FASE)
Dep. fondos propios: 4.061.645 pta. 24.410,98 euro
Dep. préstamo: 5.753.833 pta. 34.581,23 euro
**Total**.... 9.815.478 pta. 58.992,21 euro

01.4300.0506.0 **ARZÚA** Concello: 521 pta.
3,13 euro

VIDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA
Dep. fondos propios: 999.479 pta. 6.006,99 euro
Dep. préstamo. 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 1.000.000 pta. 6.010,12 euro

01.4300.0031.0 A **BAÑA** Concello:
0,00 euro

ADQUISICIÓN SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR
Dep. fondos propios: 2.282.201 pta. 13.716,30 euro
Dep. préstamo: 3.233.025 pta. 19.430,87 euro
**Total**... 5.515.226 pta. 33.147,18 euro

01.4300.0032.0 **BERGONDO** Concello.
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO URBANO PARA ESPACIOS DE RECREO LIGADOS Ó MEDIO NATURAL
Dep. fondos propios: 2.702.580 pta. 16.242,83 euro
Dep. préstamo: 3.828.546 pta. 23.010,02 euro
**Total**..... 6.531.126 pta. 39.252,86 euro

01.4300.0033.0 **BETANZOS** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA SALA DE USOS MULTIPLES E AULA DA NATUREZA
Dep. fondos propios: 4.161.659 pta. 25.012,07 euro
Dep. préstamo: 5.895.517 pta. 35.432,77 euro
**Total**.... 10.057.176 pta. 60.444,85 euro

01.4300.0034.0 **BOIMORTO** Concello: 513.191 pta.
3.084,34 euro

ÁREA RECREATIVA EN CORREDOIRAS PARROQUIA DE ANXELES
Dep. fondos propios: 2.270.442 pta. 13.645,63 euro
Dep. préstamo: 3.216.367 pta. 19.330,75 euro
**Total**.... 6.000.000 pta. 36.060,73 euro

01.4300.0064.0 **BOIRO** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN E EQUIPAMENTOS
Dep. fondos propios: 257.284 pta. 1.546,31 euro
Dep. préstamo: 364.476 pta. 2.190,54 euro
**Total**.... 621.760 pta. 3.736,85 euro

01.4300.0065.0 **BOIRO** Concello:
0,00 euro

AREA DE OCIO DE ESCARABOTE
Dep. fondos propios: 2.068.834 pta. 12.433,94 euro
Dep. préstamo: 2.930.766 pta. 17.614,26 euro
**Total**..... 4.999.600 pta. 30.048,20 euro

01.4300.0066.0 **BOIRO** Concello:
0,00 euro

PROXECTO D E MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS A CASTRO DE NEIXÓN (CESPÓN)
Dep. fondos propios: 2.067.778 pta. 12.427,60 euro
Dep. préstamo. 2.929.270 pta. 17.605,27 euro
**Total**..... 4.997.048 pta. 30.032,86 euro

01.4300.0045.0 **BOQUEIXÓN** Concello:
0,00 euro

TOLDO MUNICIPAL
Dep. fondos propios: 959.056 pta. 5.764,04 euro
Dep. préstamo: 1.358.624 pta. 8.165,49 euro
**Total**..... 2.317.680 pta. 13.929,54 euro

01.4300.0046.0 **BOQUEIXÓN** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN TURÍSITICA NO CONCELLO
Dep. fondos propios: 2.331.468 pta. 14.012,40 euro
Dep. préstamo: 3.302.818 pta. 19.850,34 euro
**Total**.... 5.634.286 pta. 33.862,74 euro

01.4300.0067.0 **CABANAS** Concello:
0,00 euro

POSTO SOCORRISMO PRAIA MAGDALENA
Dep. fondos propios: 2.561.474 pta. 15.394,77 euro
Dep. préstamo: 3.628.651 pta. 21.808,63 euro
**Total**.... 6.190.125 pta. 37.203,40 euro

01.4300.0035.0 A **CAPELA** Concello.
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE FURGÓN MEDIO SOBREELEVADO PARA PARQUES E XARDÍNS
Dep. fondos propios: 1.339.836 pta. 8.052,58 euro
Dep. préstamo: 1.898.048 pta. 11.407,50 euro
**Total**..... 3.237.884 pta. 19.460,07 euro

01.4300.0068.0 A **CAPELA** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE GUÍAS TURÍSTICAS E TRÍPTICOS DE RUTAS DE SENDEIRISMO DO CONCELLO DA CAPELA
Dep. fondos propios: 455.351 pta. 2.736,71 euro
Dep. préstamo: 645.062 pta. 3.876,90 euro
**Total**..... 1.100.413 pta. 6.613,62 euro

01.4300.0069.0 **CARBALLO** Concello:
0,00 euro

PROXECTO SINALIZACIÓN
Dep. fondos propios: 4.985.318 pta. 29.962,36 euro
Dep. préstamo: 7.062.334 pta. 42.445,48 euro
**Total**.... 12.047.652 pta. 72.407,85 euro

01.4300.0070.0 **CARBALLO** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE CASETA SERVICIOS
Dep. fondos propios: 1.165.550 pta. 7.005,10 euro
Dep. préstamo: 1.651.148 pta. 9.923,60 euro
**Total**... 2.816.698 pta. 16.928,70 euro

01.4300.0071.0 **CARNOTA** Concello:
0,00 euro

PROX. ARQUEOL. ACONDICIONAMENTO E SINALIZACIÓN DO CASTRO DE MALLOU
Dep. fondos propios: 1.575.443 pta. 9.468,60 euro
Dep. préstamo: 2..231.814 pta. 13.413,47 euro

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **Total**.... | 3.807.257 pta. | 22.882,08 euro |
| 01.4300.0072.0 | **CARNOTA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | MIRADOIRO EN CALDEBARCOS | Dep. fondos propios: | 1.399.463 pta. | 8.410,94 euro |
| | | Dep. préstamo: | 1.982.517 pta. | 11.915,17 euro |
| | | **Total**.... | 3.381.980 pta. | 20.326,11 euro |
| 01.4300.0073.0 | **CARNOTA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ADECUACIÓN DOS ARREDORES DO MAR DE LIRA | Dep. fondos propios: | 428.407 pta. | 2.574,78 euro |
| | | Dep. préstamo: | 606.893 pta. | 3.647,50 euro |
| | | **Total**.... | 1.035.300 pta. | 6.222,28 euro |
| 01.4300.0074.0 | **CARNOTA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ADECUACIÓN DA FERVENZA DE PEDRAFIGUEIRA | Dep. fondos propios: | 359.813 pta. | 2.162,52 euro |
| | | Dep. préstamo: | 509.721 pta. | 3.063,48 euro |
| | | **Total**.... | 869.534 pta. | 5.226,00 euro |
| 01.4300.0508.0 | **CARNOTA** | Ayuntameinto: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO ESPECIALISTA EN AMBIENTE | Dep. fondos propios: | 555.798 pta. | 3.340,41 euro |
| | | Dep. préstamo: | 0 pta. | 0,00 euro |
| | | **Total**.... | 555.798 pta. | 3.340,41 eruo |
| 01.4300.0075.0 | **CEDEIRA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ÁREA RECREATIVA NO PARQUE DA CONCEPCIÓN | Dep. fondos propios: | 1.955.145 pta. | 11.750,66 euro |
| | | Dep. préstamo: | 2.769.710 pta. | 16.646,29 euro |
| | | **Total**.... | 4.724.855 pta. | 28.396,95 euro |
| 01.4300.0076.0 | **CEDEIRA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ÁREA RECREATIVA NO TOXO | Dep. fondos propios: | 2.311.364 pta. | 13.891,58 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.274.339 pta. | 19.679,17 euro |
| | | **Total**.... | 5.585.703 pta. | 33.570,75 euro |
| 01.4300.0036.0 | **CERDIDO** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | PROXECTO DE PECHE DO PREDIO CABANEIRO EN VILADONIGA-CERDIDO | Dep. fondos propios: | 1.901.997 pta. | 11.431,23 euro |
| | | Dep. préstamo: | 2.694.419 pta. | 16.193,78 euro |
| | | **Total**.... | 4.596.416 pta. | 27.652,02 euro |
| 01.4300.0077.0 | **DUMBRÍA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA AULA DE NATUREZA E PUNTO DE INFORMACIÓN DO XACOBEO | Dep. fondos propios: | 2.379.211 pta. | 14.299,35 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.370.453 pta. | 20.256,83 euro |
| | | **Total**.... | 5.749.664 pta. | 34.556,18 euro |
| 01.4300.0078.0 | **FENE** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA DE PARQUES INFANTIS EN FENE, ANO 2001 | Dep. fondos propios: | 2.098.958 pta. | 12.614,99 euro |
| | | Dep. préstamo: | 2.973.439 pta. | 17.870,73 euro |
| | | **Total**.... | 5.072.397 pta. | 30.485,72 euro |
| 01.4300.0079.0 | **MALPICA DE BERGANTIÑOS** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ACONDICIONAMENTO ESPACIO | Dep. fondos propios: | 1.498.297 pta. | 9.004,95 euro |

PÚBLICO EN PASACONDÍA Dep. préstamo: 2.122.527 pta. 12.756,64 euro
**Total**... 3.620.824 pta. 21.761,59 euro

01.4300.0080.0 **MALPICA DE BERGANTIÑOS** Concello
0,00 euro

ACONDICIONAMENTO ESPACIO PÚBLICO EN BUÑO Dep. fondos propios: 1.487.430 pta. 8.939,63 euro
Dep. préstamo: 2.107.132 pta. 12.664,12 euro
**Total**... 3.594.562 pta. 21.603,75 euro

01.4300.0081.0 **MALPICA DE BERGANTIÑOS** Concello:
0,00 euro

ACONDICIONAMENTO ESPACIO PÚBLICO FEIRA NOVA (LEILOIO) Dep. fondos propios: 1.080.157 pta. 6.491,87 euro
Dep. préstamo: 1.530.179 pta. 9.196,56 euro
**Total**... 2.610.336 pta. 15.688,44 euro

01.4300.0082.0 **MALPICA DE BERGANTIÑOS** Concello:
0,00 euro

ACONDICIONAMENTO ESPACIO PÚBLICO EN MALPICA Dep. fondos propios: 537.580 pta. 3.230,92 euro
Dep. préstamo: 761.549 pta. 4.577,00 euro
**Total**... 1.299.129 pta. 7.807,92 euro

01.4300.0083.0 **MIÑO** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN E INSTAL. DE MOBILIARIO URBANO EN ACCESOS A PRAIAS Dep. fondos propios: 1.161.139 pta. 6.978,59 euro
Dep. préstamo: 1.644.901 pta. 9.886,05 euro
**Total**.... 2.806.040 pta. 16.864,64 euro

01.4300.0084.0 **MIÑO** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN E INSTAL. SERVICIO DE Dep. fondos propios: 501.734 pta.
3.015,48 euro
MEGAFONÍA EN "PRAIA DE RIBEIRA" MIÑO Dep. préstamo: 710.769 pta.
4.271,81 euro
**Total**... 1.212.503 pta. 7.287,29 euro

01.4300.0085.0 **MIÑO** Concello:
0,00 euro
SUBMINISTRACIÓN E INSTAL. DE Dep. fondos
propios: 924.015 pta. 5.553,44 euro
SINALIZACIÓN PASOS PEÓNS EN ACCESO A Dep. préstamo: 1.308.985 pta.
7.867,16 euro
PRAIAS. MIÑO **Total**.... 2.233.000 pta. 13.420,60 euro

01.4300.0086.0 **MIÑO** Concello:
0,00 euro

SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA Dep. fondos propios: 665.522 pta.
3.999,87 euro
O CENTRO SOCIO-CULTURAL E XUVENIL DE Dep.
préstamo: 942.797 pta. 5.666,32 euro
BAÑOBRE E A SÚA ÁREA RECREATIVA. MIÑO **Total**.... 1.608.319 pta. 9.666,19 euro

01.4300.0509.0 **MIÑO** Concello:
0,00 euro

ELABORACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE TRÍPTICOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA CON GUÍA DE RÚAS. MIÑO Dep. fondos propios: 608.342 pta. 3.656,21 euro
Dep. préstamo: 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 608.342 pta. 3.656,21 euro

01.4300.0087.0 **MOECHE** Concello:
0,00 euro

RENOVACIÓN E RECUPERACIÓN PAISAXÍSTICA DA CARBALLEIRA DE SAN RAMÓN 7ª FASE
Dep. fondos propios: 2.355.693 pta. 14.158,00 euro
Dep. préstamo. 3.337.138 pta. 20.056,60 euro
**Total**.... 5.692.831 pta. 34.214,60 euro

01.4300.0047.0 **MONFERO** Concello:
0,00 euro
ÁREA OCIO E LECER DE QUEIXEIRO
Dep. fondos propios: 3.423.791 pta. 20.577,40 euro
Dep. préstamo: 4.850.232 pta. 29.150,48 euro
**Total**.... 8.274.023 pta. 49.727,88 euro

01.4300.0088.0 **MUROS** Concello:
0,00 euro
ITINERARIO COSTEIRO DE MUROS A LOURO
Dep. fondos propios: 4.730.005 pta. 28.427,90 euro
Dep. préstamo: 6.700.650 pta. 40.271,72 euro
**Total**.... 11.430.655 pta. 68.699,62 euro

01.4300.0089.0 **OLEIROS** Concello:
0,00 euro
PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E CULTURAL
Dep. fondos propios: 5.133.686 pta. 30.854,07 euro
Dep. préstamo: 7.272.514 pta. 43.708,69 euro
**Total**.... 12.406.200 pta. 74.562,76 euro

01.4300.0090.0 **ORDES** Concello:
0,00 euro
CAMBIO DA RÚA MUNDITO A PEONAL
Dep. fondos propios: 3.088.663 pta. 18.563,24 euro
Dep. préstamo: 4.375.481 pta. 26.297,17 euro
**Total**.... 7.464.144 pta. 44.860,41 euro

01.4300.0048.0 **OZA DOS RÍOS** Concello: 690.146 pta. 4.147,86 euro
MARQUESIÑA PARA O CONCELLO DE OZA DOS RIOS
Dep. fondos propios: 2.060.742 pta. 12.385,31 euro
Dep. préstamo: 2.919.301 pta. 17.545,35 euro
**Total**.... 5.670.189 pta. 34.078,52 euro

01.4300.0037.0 **PADERNE** Concello:
0,00 euro
ACONDICIONAMENTO DE TERREO SOBRE O FALSO TUNEL DE MONTECELO
Dep. fondos propios: 2.417.427 pta. 14.529,03 euro
Dep. préstamo: 3.424.592 pta. 20.582,21 euro
**Total**... 5.842.019 pta. 35.111,24 euro

01.4300.0049.0 **PORTO DO SON** Concello:
0,00 euro
BOIAS DE SINALIZACIÓN PARA PRAIAS
Dep. fondos propios: 1.675.072 pta. 10.067,39 euro
Dep. préstamo: 2.372.951 pta. 14.261,72 euro
**Total**.... 4.048.023 pta. 24.329,11 euro

01.4300.0050.0 **PORTO DO SON** Concello:
0,00 euro
ADQUISICIÓN MATERIAL PROTECCIÓN CIVIL
Dep. fondos propios:1.976.894 pta.11.881,37 euro
Dep. préstamo: 2.800.521 pta. 16.831,47 euro
**Total**.... 4.777.415 pta. 28.712,84 euro

01.4300.0051.0 **PORTO DO SON** Concello:
0,00 euro
ADQUISICIÓN DE PORTACOLECTORES
Dep. fondos propios: 950.224 pta. 5.710,96 euro
Dep. préstamo: 1.346.112 pta. 8.090,30 euro
**Total**.... 2.296.336 pta. 13.801,26 euro

01.4300.0052.0 **PORTO DO SON** Concello:
0,00 euro

ARREDORES FERVENZA RIBASIERA E MOBILIARIO

Dep. fondos propios: 1.114.580 pta. 6.698,76 euro
Dep. préstamo: 1.578.943 pta. 9.489,64 eruo
**Total**... 2.693.523 pta. 16.188,40 euro

01.4300.0038.0 **RIANXO** Concello:
0,00 euro

PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS Á PRAIA DE TANXIL

Dep. fondos propios: 1.580.404 pta. 9.498,42 euro
Dep. préstamo: 2.238.841 pta. 13.455,71 euro
**Total**... 3.819.245 pta. 22.954,12 euro

01.3400.0039.0 **RIANXO** Concello:
0,00 euro

PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS Á PRAIA DA TORRE

Dep. fondos propios: 1.749.350 pta. 10.513,81 euro
Dep. préstamo: 2.478.176 pta. 14.894,14 euro
**Total**... 4.227.526 pta. 25.407,94 euro

01.4300.0040.0 **RIANXO** Concello:
0,00 euro

ADQUISICIÓN INODORO PÚBLICO PARA MINUSVÁLIDOS

Dep. fondos propios: 228.004 pta. 1.370,33 euro
Dep. préstamo: 322.996 pta. 1.941,25 euro
**Total**... 551.000 pta. 3.311,58 euro

01.4300.0504.0 **RIANXO** Concello:
0,00 euro

VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA COMARCA DO BARBANZA

Dep. fondos propios: 1.000.000 pta. 6.010,12 euro
Dep. préstamo: 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 1.000.000 pta. 6.010,12 euro

01.4300.0091.0 **ROIS** Concello:
0,00 euro

MELLORA PRAIAS FLUVIAIS SEIRA E SENRA

Dep. fondos propios: 1.696.580 pta. 10.196,65 euro
Dep. préstamo: 2.403.420 pta. 14.444,85 euro
**Total**.... 4.100.000 pta. 24.641,50 euro

01.4300.0510.0 **ROIS** Concello: 53.453 pta.
321,26 euro

VIDEO PROMOCIÓN TURÍSTICA

Dep. fondos propios: 946.547 pta. 5.688,86 euro
Dep. préstamo. 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 1.000.000 pta. 6.010,12 euro

01.4300.0053.0 **SADA** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN DE ACCESOS CAMIÑOS DE PRAIAS

Dep. fondos propios: 2.089.859 pta. 12.560,31 euro
Dep. préstamo: 2.960.549 pta. 17.793,26 euro
**Total**.... 5.050.408 pta. 30.353,56 euro

01.4300.0054.0 **SADA** Concello:
0,00 euro

ACONDICIONA. RUTA DE SENDEIRISMO

Dep. fondos propios: 529.581 pta. 3.182,85 euro
Dep. préstamo. 750.219 pta. 4.508,91 euro
**Total**... 1.279.800 pta. 7.691,75 euro

04.4300.0055.0 **SADA** Concello:
0,00 euro

BOIAS E PLATAFORMAS PRAIAS

Dep. fondos propios: 536.836 pta. 3.226,45 euro
Dep. préstamo: 760.497 pta. 4.570,68 euro
**Total**.... 1.297.333 pta. 7.797,13 euro

01.4300.0092.0 **SAN SADURNIÑO** Concello:
0,00 euro

MELLORA DA ÁREA DE OCIO DO CAMPO DA FEIRA

Dep. fondos propios: 2.506.599 pta. 15.064,96 euro
Dep. préstamo: 3.550.914 pta. 21.341,42 euro
**Total**.... 6.057.513 pta. 36.406,39 euro

01.4300.0041.0 **SOBRADO** Concello:
0,00 euro

ADECUACIÓN DE CAMPO DA FEIRA DE CRUCES

Dep. fondos propios: 2.192.749 pta. 13.178,69 euro
Dep. préstamo: 3.106.307 pta. 18.669,28 euro
**Total**... 5.299.056 pta. 31.847,97 euro

01.4300.0505.0 **SOBRADO** Concello:
0,00 euro

VÍDEO DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO

Dep. fondos propios: 1.000.000 pta. 6.010,12 euro
Dep. préstamo: 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 1.000.000 pta. 6.010,12 euro

01.4300.0057.0 **TOQUES** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN TURÍSTICA EN BRAÑAS E OUTROS

Dep. fondos propios: 1.246.302 pta. 7.490,43 euro
Dep. préstamo: 1.765.545 pta. 10.611,14 euro
**Total**: 3.011.847 pta. 18.101,57 euro

01.4300.0058.0 **TOQUES** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN TURÍSTICA EN VILLAMOR E OUTROS

Dep. fondos propios: 1.274.995 pta. 7.662,87 euro
Dep. préstamo: 1.806.192 pta. 10.855,43 euro
**Total**.... 3.081.187 pta. 18.518,31 euro

01.4300.0093.0 **TORDOIA** Concello:
0,00 euro

SINALIZACIÓN TURÍSTICA NO CONCELLO

Dep. fondos propios: 2.700.340 pta. 16.229,37 euro
Dep. préstamo. 3.825.374 pta. 22.990,96 euro
**Total**.... 6.525.714 pta. 39.220,33 euro

01.4300.0511.0 **TORDOIA** Concello:
0,00 euro

VÍDEO INFORMATIVO TURÍSTICO DO CONCELLO

Dep. fondos propios: 1.000.000 pta. 6.010,12 euro
Dep. préstamo. 0 pta. 0,00 euro
**Total**.... 1.000.000 pta. 6.010,12 euro

01.4300.0094.0 **TOURO** Concello: 4.269.279 pta.
25.658,88 euro

PALA RETROEXCAVADORA E ROZADORA

Dep. fondos propios: 3.819.672 pta. 22.956,69 euro
Dep. préstamo: 5.411.049 pta. 32.521,06 euro
**Total**.... 13.500.000 pta. 81.136,63 euro

01.4300.0095.0 **VALDOVIÑO** Concello:
0,00 euro

PAVIMENTACIÓN PISTA CAMPEIRAS, POZO DO CURA, APERTURA CAMIÑO DE LAMELA, CASTIÑEIRO-CALVO, CON. SOBREANCHO EN TORRENTE E CANALIZA ZONA GÁNDARA MOURENTE

Dep. fondos propios: 2.069.000 pta. 12.434,94 euro
Dep. préstamo: 2.931.000 pta. 17.615,66 euro
**Total**.... 5.000.000 pta. 30.050,61 euro

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 01.4300.0042.0 | **VEDRA** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | PROXECTO DE RUTAS DE SENDEIRISMO | Dep. fondos propios: | 2.152.205 pta. | 12.935,01 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.048.871 pta. | 18.324,08 euro |
| | | **Total**.... | 5.201.076 pta. | 31.259,10 euro |
| 01.4300.0043.0 | **VEDRA** | Concello: | 851.832 pta. | |
| 5.119,61 euro | | | | |
| | PROXECTO DE MIRADOR PANORÁMICO EN GUNDIÁN | Dep. fondos propios: | 653.265 pta. | 3.926,20 euro |
| | | Dep. préstamo: | 925.432 pta. | 5.561,96 euro |
| | | **Total**.... | 2.430.529 pta. | 14.607,77 euro |
| 01.4300.0056.0 | **VILASANTAR** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ADECUACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO | Dep. fondos propios: | 2.671.223 pta. | 16.054,37 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.784.125 pta. | 22.743,05 euro |
| | | **Total**.... | 6.455.348 pta. | 38.797,42 euro |
| 01.4300.0096.0 | **VILARMAIOR** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | CONSTRUCCIÓN DE PARQUE | Dep. fondos propios: | 1.163.148 pta. | 6.990,66 euro |
| | | Dep. préstamo: | 1.647.746 pta. | 9.903,15 euro |
| | | **Total**.... | 2.810.894 pta. | 16.893,81 euro |
| 01.4300.0097.0 | **CARIÑO** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | ACCESO Á PRAIA DO PEIRAL (CARIÑO) | Dep. fondos propios: | 2.504.566 pta. | 15.052,74 euro |
| | | Dep. préstamo: | 3.548.034 pta. | 21.324,11 euro |
| | | Total... | 6.052.600 pta. | 36.376,86 euro |
| 01.4300.0098.0 | **CARIÑO** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | SINALIZACIÓN DAS PRAIAS DO PASEO MARÍTIMO | Dep. fondos propios: | 551.593 pta. | 3.315,14 euro |
| | | Dep. préstamo: | 781.400 pta. | 4.696,31 euro |
| | | **Total**... | 1.332.993 pta. | 8.011,45 euro |
| 01.4300.0099.0 | **CARIÑO** | Concello: | 126.131 pta. | |
| 758,06 euro | | | | |
| | CELEBRACIÓN DA 1ª EXALTACIÓN DA CALDEIRADA E DA SARDIÑA LAÑADA | Dep. fondos propios: | 496.560 pta. | 2.984,39 euro |
| | | Dep. préstamo | 703.440 pta. | 4.227,76 euro |
| | | **Total**.... | 1.326.131 pta. | 7.970,21 euro |
| 04.4300.0512.0 | **CARIÑO** | Concello: | | |
| 0,00 euro | | | | |
| | CREACIÓN DUNHA PÁXINA WEB MUNICIPAL | Dep. fondos propios: | 1.500.000 pta. | 9.015,18 euro |
| | | Dep. préstamo: | 0 pta. | 0,00 euro |
| | | **Total**.... | 1.500.000 pta. | 9.015,18 euro |
| | | Concello: | 11.029.732 pta. | 66.290,02 euro |
| | | Dep. fondos propios: | 140.233.145 pta. | 842.818,18 euro |
| | **TOTAIS** | Dep. préstamo: | 185.888.259 pta. | .117.210,94 euro |
| | | **Total.....** | 337.151.136 pta. | 2.026.319,14 euro |

| Programa | Oztos | Achega Deputación | Achega Concello |
|---|---|---|---|
| Obras /subministracións | 328.082.988,- | 317.107.230,- | 10.975.758,- |
| * Servicios | 9.068.148,- | 9.014.174,- | 53.974,- |

2.-A achega provincial ás obras e subministracións incorporadas a esta segunda relación, que ascende a un total de 317.107.230.- ptas., será imputada á partida orzamentaria 0305/751A/76299, das cales lles corresponde ós concellos 10.975.758.- ptas. e con cargo á partida 0305/751A/76200 9.014.148 ptas con cargo ós concellos 53974.- ptas.

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

"1.- As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os Pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153 - 154 da Lei de contratos das Administracions públicas.

No caso do concurso,o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a sua adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, axuntándoo ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicaráse o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- A dirección e execución das obras realizaraa o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello co arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas.

En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.
No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación. .

5.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.
En todo caso os concellos deberán remitirlle á Deputación:
1º.- Documentación relativa á contratación:
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
- No caso de concurso ademais da "Acta de apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedimento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.
2º.- Documentación relativa á execución:
- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.
Comunicación recepcións:
Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizára o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación ó acto, se así o considerase oportuno
Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable

4.-Dispor a exposición pública da segunda relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

5.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

6.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo."

**26.- DAR CONTA E RATIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN INTRODUCIDA NO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS DA XUNTA DE GALICIA, E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO BÁSICO O NOVO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO**.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Mediante acordo plenario da Deputación do 23 de outubro pasado foi aprobado o texto do convenio que se vai subscribir entre a Consellería de Xustiza e Relacións Laborais, a Deputación e o concello de Santiago tocante á dotación do equipamento básico do noso parque de bombeiros de Santiago.

Por proposta da consellería, e co obxecto de adecuar o texto definitivo, ás necesidades de tramitación do expediente na comunidade autónoma, incorporouse un novo parágrafo na cláusula terceira conforme ó seguinte teor literal:

"E trala remisión previa por parte da deputación da acta de recepción da subministración e a correspondente factura."

Coa modificación introducida, o texto definitivo do acordo plenario de aprobación do convenio quedaría establecido nos seguintes termos.

**CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SOBRE A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO BÁSICO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Santiago de Compostela, de outubro de dous mil un.

REUNIDOS

En Santiago de Compostela, a de outubro de dous mil un.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

**EXPOÑEN**

1. Que as partes recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.
Dende esa perspectiva, a protección civil ten que considerarse como un servicio público organizado de forma coordinada polas distintas Administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 161/2000, do 29 de xuño, polo que se establece a estructura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encoméndalle á Dirección Xeral de Administración local a planificación e coordinación dos plans e programas dos servicios contraincendios e salvamento local, sen prexuízo das competencias que lles correspondan á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás Administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás Deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servicios de competencia municipal, entre eles a cooperación mútua, e coa Xunta de Galicia, en materia

de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Corresponde, igualmente ós Concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación da Coruña, e os concellos de Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Roi, Teo, Val do Dubra e Vedra aprobaron un convenio marco de colaboración para a conversión en parque comarcal de bombeiros, con extensión do seu ámbito de actuación a tódolos Concellos relacionados, do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela.

Este convenio marco requiría, a súa vez, convenios de desenvolvemento para a súa execución, tanto no referido a dotación de equipamentos, como para construcción da sede do parque e dotación de medios humanos.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acada-lo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación e o Concello de Santiago acordan subscribi-lo presente convenio de execución segundo as seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do convenio-marco de colaboración entre a Consellería de xustiza, Interior e Relacións Laborais, a Deputación Provincial da Coruña, e os concellos de, Santiago de Compostela, Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, no referente á adquisición do equipamento básico disposto na cláusula segunda do referido convenio.

Así mesmo, e en virtude do presente convenio, o Parque de Bombeiros formará parte, como Centro Asociado, do Servicio 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

### SEGUNDA.-RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.

As tres Administracións acordan a renovación do equipamento do parque de bombeiros.

Esta renovación concrétase na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, previos acordos corporativos necesarios:
Equipos:

Un auto-escala automático con cisterna e bomba
Un auto-bomba primeira saída para rescate en accidentes
Un auto-bomba nodricia
Valoración total dos equipos 132.000.000.-ptas

A adquisición realizaraa a Deputación Provincial e financiaranna as tres Administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres Administracións nas seguintes porcentaxes:

| | |
|---|---|
| Deputación Provincial | 40% |
| Xunta de Galicia | 40% |
| Concello de Santiago | 20% |

A licitación realizaraa a Deputación polo sistema de concurso, trala acreditación previa do compromiso financeiro contraído polas demáis Administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaraas unha comisión técnica integrada polo xefe do Parque de Bombeiros de Santiago, o enxeñeiro industrial, xefe de servicio de mantemento da Deputación e un técnico nomeado pola Dirección Xeral de Administración Local.

**TERCEIRA.- FINANCIAMENTO.**

As achegas das distintas Administracións para a adquisición destes equipos serán as seguintes, como máximo:
Xunta de Galicia.....52.800.000 pts.
Deputación da Coruña.....52.800.000 pts.
Concello de Santiago.....26.400.000 pts.

A achega da Xunta de Galicia farase con cargo á partida orzamentaria 13.05.760.1, Programa 811B. dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001.

A achega da Deputación da Coruña farase con cargo á partida 0305/223.A/662.99 dos orzamentos xerais da Deputación da Coruña para o ano 2001.
A achega do Concello de Santiago de Compostela farase con cargo á partida orzamentaria 22376.00 dos orzamentos xerais do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2001.

A Consellería e o Concello remitiranlle á Deputación os documentos xustificativos da retención de crédito correspondente ás achegas ás que quedan obrigadas en virtude do presente convenio.

"E a remisión previa por parte da Deputación da acta da recepción da subministración e a correspondente factura"

No relativo á achega correspondente á Xunta de Galicia, a través da aplicación orzamentaria 13.05.811B, 760.1, sinalar que, de conformidade co establecido no artigo 41.2.4 e 41.3, d, da lei 4/2000, do 27 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, á sinatura deste convenio, poderá autorizarse o anticipo desta achega e trala remisión previa, por parte da Deputación dos documentos que xustifiquen a aprobación do expediente de contratación dos vehículos.

Caso de producirse xuros de mora, deberán ser asumidos, na proporción que lle corresponda, pola Administración que os tivera provocado, séndolles repercutidas as cantidades correspondentes pola Deputación se as causantes foran algunha das outras dúas Administracións asinantes do presente Convenio.

No suposto de non producirse o gasto pola totalidade das cantidades máximas previstas no presente Convenio, procederase á minoración das achegas de acordo ás porcentaxes sinaladas na cláusula segunda, debendo reintegrarse as cantidades entregadas por exceso no suposto de que se houbese efectuado a achega total por algunha das Administracións asinantes.

**CUARTA.- SERVICIO DO PARQUE.**

Unha vez se proceda á recepción do material relacionado na cláusula segunda, o Parque de Bombeiros de Santiago deberá comezar a presta-lo seu servicio nos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, nas mesmas condicións nas que o veña prestando no propio Concello de Santiago de Compostela.

**QUINTA.- CARÁCTER DO PARQUE**

En virtude do Convenio marco asinado con data 27 de setembro de 2001, e dos convenios de desenvolvemento que del se derivan, o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos Concellos asinantes, sen prexuízo das potestades en canto á organización e funcionamento interno do parque, que seguirán correspondendo, con carácter pleno, ó Concello de Santiago de Compostela.

**SEXTA.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN**

Para supervisa-la prestación do servicio prevista no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación Provincial; dous do Concello de Santiago de Compostela e dous en representación dos demáis Concellos asinantes deste acordo, designados por votación maioritaria entre os alcaldes deles.

Esta comisión reunirase ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e avalia-la prestación do servicio no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servicio.

Correspóndelle especialmente á comisión de coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servicio se efectúe sen ningunha diferenciación en canto á súa calidade, celeridade e emprego dos medios que resultaran necesarios en cada actuación, calquera que sexa o Concello onde esta actuación se produza.

**SÉTIMA. PRAZO DE VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia, no que respecta á súa execución económica, de acordo coa cláusula terceira deste convenio, ata o 31 de decembro de 2001, sen prexuízo de que a adxudicación e recepción dos vehículos por parte da Deputación sexa posterior a esta data.

**OITAVA.- INCUMPRIMENTO**

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste e no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes se fora o caso

No suposto de que o concello de Santiago de Compostela incumprise os compromisos asumidos, deberá devolverlle ó resto das Administracións achegantes unha cantidade equivalente ó valor venal dos vehículos ós que se refire o presente convenio, calculado con referencia ó momento en que este incumprimento resulte, efectivamente, determinado, e detraendo a cantidade correspondente á achega do propio Concello de Santiago de Compostela.

**NOVENA.-NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto, no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, e demais lexislación de aplicación xeral."

**27.- MODIFICACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO DE "FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE ALUMNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE**

**COMPOSTELA EN HOSPITAIS COMARCAIS DA PROVINCIA NO ANO 2001".**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar a modificación introducida no convenio aprobado polo Pleno da Deputación na sesión celebrada do 27 de xullo de 2001.

2.-Unha vez introducida a modificación o texto definitivo do convenio quedaría establecido nos seguintes termos:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO EN HOSPITAIS COMARCAIS DA PROVINCIA NO ANO 2001.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Diputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía

Doutra parte D. Darío Villanueva Prieto, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en representación desta Institución ó abeiro do artigo 19 da Lei de reforma universitaria.

Ámbalas dúas partes recoñecéndose plena capacidade para outorgar o presente convenio.

**EXPOÑEN**

Que a Facultade de Medicina en colaboración coas FUNDACIÓNS PÚBLICAS DOS HOSPITAIS VIRXE DA XUNQUEIRA (CEE) E BARBANZA (RIBEIRA), organiza un programa de prácticas hospitalarias de alumnos da Universidade de Santiago dos últimos cursos da Licenciatura de Medicina. O coordinador das anteditas prácticas é o profesor doutor D. Juan Varela Durán, catedrático da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Que a Deputación da Coruña, consciente da importancia que ten a formación e especialización da sanidade pública, ten a intención de colaborar no financiamento desas prácticas.

De acordo coas consideracións anteriores, a Universidade de Santiago e a Deputación Provincial acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a realización de prácticas hospitalarias de alumnos, de acuerdo coas seguientes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto do Convenio é a colaboración da Deputación e da USC na realización de prácticas hospitalarias de alumnos dos últimos cursos da Licenciatura de Medicina nos Hospitais Virxe da Xunqueira (Cee) e Barbanza (Ribeira), prácticas que se realizarán ó abeiro do Real decreto 1497/1981, do 16-VI modificado polo Real decreto 1845/1994, do 7 de setembro, de cooperación educativa.

Para estos efectos, a Deputación da Coruña participará no seu financiamento coa achega da cantidade de seis millóns novecentas trinta e dúas mil (6.932.000 pts.), con cargo á partida 0701-41F-22699.

**SEGUNDA.-**
A achega da Deputación (6.932.000 pts.) destinarase ó financiamento dos custos xestión, organización, coordinación, publicidade, selección de alumnos, realización e seguimento, da realización das prácticas de 48 alumnos

**TERCEIRA.-**
A selección dos alumnos será realizada pola Universidade, a través dunha comisión que terá en conta preferentemente:

1.- Curso da licenciatura na que se atope.
2.- Cualificacións académicas.

**CUARTA.-**

A Deputación provincial poderá solicitar do coordinador do programa, cantos informes estime do seu interese, a través da Sección de Servicios Sociais, sobre o desenvolvemento do programa.

**QUINTA.-**
A Deputación Provincial aboará a cantidade de 6.932.000.-pts. unha vez rematadas as prácticas, despois da presentación da documentación seguinte:

A) Relación de alumnos pola que se remita acta da comisión encargada da selección, na que se xustifique a concesión das prácticas.

B) Programa e calendario de realización de prácticas, coa relación de alumnos que as levaron a cabo e servicios onde as efectuaron.

C) Facturas expedidas polos provedores co visto e prace do coordinador, e notas de gastos, presentadas polo propio programa polos conceptos de xestión, organización, coordinación, publicidade, selección de alumnos e seguimento.

**SEXTA.-**
Os pagos realizaránse na conta 2091-0300-44-3110000482 de titularidade da USC-Outros Ingresos- quen aboará os gastos ó programa sen que poidan variarse os conceptos ou partidas subvencionadas.

**SÉTIMA.-**
As prácticas realizaranse durante o curso 2000-2001, en concreto dende o 1 de xullo ó 31 de outubro de 2001.

**OITAVA.-**
A Deputación resérvase o dereito a utilizar os resultados que se indiquen na memoria presentada das prácticas realizadas, en futuras actuacións que puideran levarse a cabo en Servicios Sociais.

**NOVENA.-**
Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do convenio formada polo vicerrector de Organización Académica e o decano da Facultade de Medicina e o coordinador do programa de prácticas en representación da universidade e por tres persoas nomeadas polo presidente da Deputación.
As súas funcións son as de conseguir o desenvolvemento do convenio, resolver os conflictos entre as partes e interpretar as súas dúbidas. Así mesmo será escoitada con carácter previo á rescisión do convenio por calquera das partes.

**DÉCIMA.-**
O xustificante dos gastos deberase efectuar antes do 31 de decembro de 2001.
O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas.

**UNDÉCIMA.-**
A resolución dos conflictos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderá á xurisdicción contencioso-administrativa, unha vez rematada a vía administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 27 de xullo de 2001.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN — O RECTOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Ado.: José Luis Torres Colomer — Asdo.: Darío Villanueva Prieto"

**28.- 11ª FASE DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DE ARQUITECTURA POPULAR**.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar a 11ª fase do Plan 2000 da recuperación da arquitectura popular da provincia da Coruña. A relación de investimentos contidos nesta undécima fase e o detalle das obras e servicios que se han executar en cada concello, quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

As obras correspondentes á 11ª fase relaciónanse a continuación:

Relación A

| COD. | CONCELLO | OBRA | OZTO. |
|---|---|---|---|
| 01.4100.0529.0 | ABEGONDO | MELLORA E CONSERVACIÓN DE MUÍÑO EN VIOS | 2.951.571 |
| 01.4100.0530.0 | ARTEIXO | REHABILITACIÓN DE MUÍÑOS DE AGUA PARA O SEU EMPREGO DIDÁCTICO EN SISALDE | 4.933.772 |
| 01.4100.0531.0 | BOIRO | RESTAURACIÓN DUNHA CASA INCLUIDA NO CONXUNTO DE EDIFICIOS QUE FORMA A RECTORAL DA IGREXA DE BOIRO | 9.974.770 |
| 01.4100.0532.0 | BERGONDO | RECUPERACIÓN DA IGREXA DE SAN XOAN DE OUCES-BERGONDO | 5.000.000 |
| 01.4100.0533.0 | A LARACHA | RESTAURACIÓN IGREXA PARROQUIAL STA. MARIÑA DE LEMAIO | 4.993.112 |
| 01.4100.0534.0 | MUGARDOS | RECUPERACIÓN DO ADRO DA CAPELA DE SAN VICTORIO | 2.782.528 |
| 01.4100.0535.0 | DUMBRÍA | RESTAURACIÓN DOS ARREDORES DO CASTRO DE BERDEOGAS 1ªFASE | 10.000.000 |
| 01.4100.0536.0 | CARRAL | FONTE DE SANTA MARIÑA E ADRO EN HERVES | 2.240.000 |
| 01.4100.0537.0 | LOUSAME | RECUPERACIÓN E RECONSTRUCCIÓN DO MUÍÑO DO MECO EN VILACOBA | 1.887.732 |
| 01.4100.0538.0 | NOIA | RESTAURACIÓN DO LAVADOIRO PÚBLICO DAS REDONDAS | 1.019.448 |
| 01.4100.0539.0 | VAL DO DUBRA | REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DA FARIÑA "MUÍÑO DAS CACHEIRAS" | 964.800 |
| | | TOTAL | 46.747.733 |

Relación B

| CÓDIGO | CONCELLO | OBRA | OZTO. |
|---|---|---|---|
| 01.4100.0540.0 | CAMBRE | 2ª FASE ADECUACIÓN DOS ARREDORES DA IGREXA PARRQOUIAL DE SANTIAGO DE SIGRAS | 10.000.000 |

A contratación das obras e servicios incorporados na relación A da presente fase, delégase nos concellos respectivos con arreglo ós seguintes criterios:

A.-As obras contrataránse polos respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación. O Concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

B.-As obras adxudicáranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153-154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello adxuntádoo ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo, aplicaráse o baremo establecido para as obras da deputación.

C.-A dirección e execución das obras realizarao o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

D.-As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello con arreglo ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello a posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación.

E.-Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirlle á Deputación:

a)Documentación relativa á contratación:

-Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
-Listado de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
-Se a adxudicación realízase mediante o sistema de poxa deberá remitirse a "Acta de apertura de plicas".
-No caso de concurso ademais da "Acta apertura de plicas", deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
-No caso de procedimento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación do anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

b).-Documentación relativa á execución:

-Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.

-Fotografía do cartel da obra.

-Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberán comunicarlle á Deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, a data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da Deputación, se así o considerase oportuno.

As baixas rexeranse polo criterio de aplicación establecido nas bases correspondentes.

Resolución de contratos: Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

Prazos de execución e certificacións de obra:

A achega provincial ás obras incorporadas nesta 11ª fase do Plan serán imputadas con cargo ás Partidas 0305/469.A/76231, (46.747.733 pesetas) e 0305/469.A/629.31 (10.000.000 de pesetas) do vixente presuposto da Corporación. O presuposto total da undécima fase do plan ascende a 56.747.733 pesetas.

2.-Dispoñer a exposición da undécima fase do Plan mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

4.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e execución do presente acordo."

**29.- CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN "BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO" PARA O FINANCIAMENTO DA CATALOGACIÓN INFORMATIZADA DOS FONDOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS DESTA**.

INTERVENCIÓNS

Sra. Santiago López

Para anunciar o voto de abstención do noso grupo, baseado fundamentalmente nalgúns criterios que xa mantivemos con anterioridade nestas sesións, e é que aínda crendo que a liña dos convenios pode ser unha vía óptima para determinadas ocasións, e efectivamente para ocasións dunha clara excepcionalidade, criamos que este non era o caso. En principio aínda coñecendo e tendo en conta a importancia que o labor da fundación pode estar realizando para a cidade da Coruña, por unha realidade obvia de protección patrimonial, e un labor cultural que non se discute, si que nos parecía que non era, neste caso, a mellor vía a do convenio. Os informes previos que se presentan no expediente cuestionan a necesidade de que se interveña dentro da fundación, e as contrapartidas que se van efectuar para esta Deputación non teñen o peso específico que nosoutros considerabamos que debían de ter. Pérdese a oportunidade de, ó mellor, chegar a algún tipo de cooperación coa Biblioteca Provincial para que estes fondos poidan ser utilizados por todos aqueles investigadores, ou aquelas persoas que queiran acceder a eles, e pérdese neste momento unha ocasión, cremos que única.

Asemade, seguimos lanzando aquela pregunta que xa en anteriores ocasións formulabamos, e é cál é a situación que ten a Biblioteca provincial, se non necesitará, probablemente, dun forte investimento para a catalogación informática dos fondos bibliográficos, e se non sería este o principal esforzo que debería facer esta deputación neste tempo.

Por todo isto, o noso voto vai ser de abstención.

Sr. Varela Rey

Moi brevemente para salientar dous aspectos, o primeiro é que o convenio é froito dunha colaboración a tres bandas, por unha parte o que é a iniciativa da propia fundación, por outro lado o concello da Coruña, que achega unha cantidade, e a Deputación provincial; creo que sempre que haxa un senso de colaboración e unificación de criterios, parece que é sempre importante.

Por outro lado, non podemos estar de acordo co que manifesta no senso de que perdemos a oportunidade, eu creo que o que estamos é aproveitando unha oportunidade de facer unha catalogación do que é o patrimonio bibliográfico seguramente máis importante dos séculos XVII-XVIII, e que nestes intres o que fai é poñerse iso en valor, unha vez que se fai a súa informatización, e mesmo incorporalo á rede para que poida ser coñecido por

aquelas persoas que o desexen. Polo tanto, eu creo que ese é xustamente o fundamento deste convenio.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (16 do PP e 10 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar a subscrición dun convenio de colaboración co concello da Coruña e a fundación Biblioteca da Casa Consulado para o financiamento da catalogación informatizada dos fondos bibliográficos e documentais desta, consonte co seguinte texto:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO**.

A Coruña, de de 2001.

**REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral da deputación, don José Luis Almau Supervía, que dá fe do acto,

Doutra parte o Sr. D. Francisco Vázquez Vázquez, alcalde presidente do Excmo. Concello da Coruña, en adiante concello, asistido polo secretario xeral da corporación, D. Francisco Javier Mato Pet, que dá fe do acto.

Doutra parte, D. Miguel Sánchez-Andrade Fernández, presidente da fundación biblioteca da casa consulado da Coruña, e adiante fundación.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos lles están atribuídas e recoñecéndose plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

**EXPOÑEN**:

1.-Que a fundación Biblioteca da casa consulado é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta como obxectivos "o desenvolvemento da cultura a través da realización de calquera actividade e en especial a lectura e a investigación..." e que pretende acometer no período 2001-2002 un proxecto de catalogación e informatización dos seus fondos bibliográficos e documentais que facilite a consulta deles por medios informáticos, así como a súa posterior conexión á rede de Internet.

2.-Que o concello exerce, de conformidade co artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias relativas a actividades e instalacións culturais, así como de protección do patrimonio histórico-artístico, dentro das cales ten cabida esta fundación e que as actuacións obxecto deste convenio considéranse de interese público.

3.-Que a Deputación da Coruña é receptiva e está comprometida con todo aquilo que signifique o desenvolvemento da cultura e a conservación e posta en valor do noso patrimonio histórico no ámbito da provincia da Coruña.

4.-Que dado o interese coincidente do Concello da Coruña, a Deputación da Coruña e a fundación Biblioteca da Casa Consulado, as tres partes acordan subscribir un convenio conforme ós seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA**.-O obxecto do presente convenio é a catalogación informatizada dos fondos bibliográficos e documentais da fundación Biblioteca da Casa Consulado, para a súa posterior conexión á rede de Internet.

**SEGUNDA**.-O Concello da Coruña financiará a actividade obxecto do convenio cunha achega de dous millóns de pesetas (2.000.000.- ptas.= 12.020,24 €) con cargo á partida 04.464/489.00 do orzamento municipal en vigor, e que se aboarán na conta corrente da fundación á xustificación do gasto mediante a presentación da correspondente factura ou fotocopia compulsada dela. A achega municipal correspóndese cunha porcentaxe de financiamento do 42,5728% do gasto total.

A Deputación da Coruña financiará a actividade obxecto deste convenio cunha achega de dous millóns de pesetas (2.000.000.- ptas. = 12.020,24 €), a dita achega provincial imputarase á partida 0601/451L/489.99 "Outras transferencias correntes a familias, institucións sen fins de lucro", do vixente orzamento provincial, e que se aboarán na conta corrente da fundación á xustificación do gasto mediante a presentación da

correspondente factura ou fotocopia compulsada dela. A achega provincial correspóndese cunha porcentaxe de financiamento do 42,5728% do gasto total.

A achega conxunta do concello e a deputación (4.000.000.- ptas.= 24.040,48 €) equivale a unha porcentaxe de financiamento conxunto do 85,14569% do total do gasto orzado para o desenvolvemento do proxecto.

O importe total das achegas indicadas no presente convenio, en concorrencia coas achegas doutras institucións, públicas ou privadas, non poderá superar o importe total dos traballos.

En caso de que non se xustifique por un importe igual ou superior ó do orzamento anexo, minoraranse as achegas do concello e a deputación, aboándose en función da respectiva porcentaxe de financiamento de cada unha destas institucións.

Pola súa parte, a fundación está obrigada a contratar, xestionar e aboar os traballos de catalogación correspondentes que son obxecto deste convenio e a presentar á súa finalización a correspondente xustificación, no prazo establecido no presente convenio, perante a deputación e o Concello da Coruña.

**TERCEIRA**.- O prazo de vixencia do presente convenio será desde a súa sinatura e ata a finalización dos traballos obxecto do convenio, sen que en ningún caso poida exceder do 31 de decembro de 2002.

**CUARTA**.- A fundación estará obrigada a achegar no prazo dun mes de finalizada a catalogación a seguinte documentación xustificativa dos ingresos e gastos relativos ó obxecto do presente convenio.

-Memoria das actividades desenvolvidas que acrediten o cumprimento dos fins e o desenvolvemento das accións obxecto do convenio.
-Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
-Certificado expedido polo secretario co visto e prace do presidente de ingreso en conta das cantidades achegadas polo concello e a deputación e do seu rexistro na contabilidade da fundación.
-Certificado do secretario, co visto e prace do presidente tocante ás subvencións e demais ingresos xerados co motivo da actividade subvencionada.
-Facturas orixinais debidamente cubertas ou fotocopia compulsada delas, correspondentes á actividade obxecto do convenio.

**QUINTA**.- Tanto o concello como a deputación resérvase o dereito a comprobar polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando obrigado o

beneficiario a facilitar canta información lle sexa requirida polo servicio xestor, a Intervnción Xeral ou os órganos competentes en materia de censura de contas. Os beneficiarios quedarán sometidos á responsabilidade e réxime sancionador establecido no artigo 40 da Lei 39/88, do 29 de decembro, reguladora das facendas locais.

**SEXTA**.- A fundación estará obrigada a facer constar a colaboración do Excmo. Concello da Coruña e da Excma. Deputación da Coruña en tódolos soportes que se empreguen para a difusión das actividades financiadas por este convenio. Así mesmo deberá establecer vínculos (links) entre a futura páxina web coa do concello e a deputación.

**SÉTIMA**.- Para calquera dúbida, cuestión ou discrepancia que surxa entre as partes, respecto á interpretación ou aplicación do presente convenio, ámbalas partes, con renuncia expresa ó seu propio foro, se tiveran outro, sométense á competencia dos xulgados e tribunais da Coruña.

**OITAVA**.- Co fin de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio establecerase unha comisión mixta que estará composta por dous representantes de cada entidade, nomeados polo presidente ou alcalde-presidente, en cada caso, das respectivas corporacións e fundación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día .

E en proba de conformidade do anteriormente exposto, asinan o presente convenio por exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

**ANEXO**

| | *OBRAS* | *PVP (PTAS)* | *IMPORTE (PTAS)* | *XORNADAS / PERSOA* |
|---|---|---|---|---|
| *FONDO ANTIGO* | 5.000 | | | |
| COPIAS | 1.042 CBN | 90 | 93.780 | 5 DIAS |
| | 395 | 250 | 98.750 | 5 DIAS |
| ORIXINAIS | (90%) 3.652 | 775 | 2.830.300 | 147 DIAS |
| **TOTAL FONDO ANTIGO** | | | **3.022.830** | **157DIAS** |
| *FONDO MODERNO* | 5.000 | | | |
| COPIAS | (80%) 4.000 | 250 | 1.000.000 | 45 DIAS |
| ORIXINAIS | (20%)) 1.000 | 675 | 675.000 | 32 DIAS |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **TOTAL FONDO MODERNO** | | | **1.675.000** | **77 DIAS** |

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA

Asdo. José Luis Torres Colomer

Asdo: Francisco Vázquez Vázquez

O SECRETARIO DA DEPUTACIÓN

O SECRETARIO DO CONCELLO

Asdo: José Luis Almau Supervia

Asdo. Francisco Javier Mato Pet.

2.-Facultar ó presidente da Corporación para realizar as xestións precisas para a subscrición do convenio."

**30.- MODIFICACIÓN DE COMPLEMENTO DE DESTINO E FORMA DE PROVISIÓN DE POSTOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**.

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

É para anunciar, tamén, o voto en contra do noso grupo respecto das modificacións de complemento de destino que vén na proposta aprobada pola Comisión de Persoal e, en todo caso, para argumentalo vou utilizar frases entresacadas da acta do Pleno celebrado o mes anterior, en novembro, onde si houbo un debate máis longo tocante do que é a política de persoal desta Deputación.

Neste acto, o Sr. Rodríguez cando falaba de sacar a concurso 22 prazas de traballadores eventuais e incluílos na oferta pública de emprego, invocaba os principios constitucionais de mérito, capacidade, publicidade e concorrencia para que esas prazas foran abertas a través dun concurso-oposición. Nosoutros, polo tanto, entendemos que o lóxico sería que tamén no caso dos habilitados nacionais, a figura máis adecuada sería o cubrir estas prazas a través dun concurso de méritos que, en todo caso, darianos o persoal da maior cualificación posible, que é o que se pide no escrito asinado polos habilitados nacionais desta

casa, que piden o cambio para que a provisión das prazas sexa a través de libre designación. Eu entendo, en todo caso, que nesa libre designación van concorrer outro tipo de méritos que eu, en todo caso, considero que non son importantes para cubrir eses postos.

E en segundo lugar, o que é a modificación puntual en catro postos do complemento de destino, eu tamén vou invocar as palabras do Sr. Rodríguez no anterior pleno, que falaba que en canto a retoques no sistema retributivo, aprazábase para conseguir un maior consenso, ben, pois neste momento, un mes despois estamos coa proposta de modificación puntual en catro postos, onde xa existen dúas reclamacións, coñecidas por esta deputada que fala, eu non sei onde se pode conseguir o consenso, en todo caso, se imos a parte a parte, eu non sei porque non se trae aquí a modificación pedida por tódolos auxiliares administrativos da casa, de subida do nivel 14 ó nivel 16, que conseguiría o consenso de máis de cen funcionarios que están nesta situación.

Por tanto, nosoutros entendendo que, un mes despois de aprazar estes retoques no sistema retributivo, abrir a espita dunha maneira que vai enlear demasiado o que vai ser a negociación cos representantes dos traballadores desta casa, a Xunta de Persoal, nosoutros entendemos que temos que votar en contra.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Contestando ás observacións formuladas pola Sra. deputada do BNG, con respecto ós dous aspectos formulados temos que dicir tocante ó primeiro, que é libre designación o procedemento legalmente establecido para aqueles postos que teñen especial responsabilidade, está dentro dos principios constitucionais de mérito e capacidade, e é o sistema que a Administración ten establecido cando un posto determinado require condicións especiais e require unha especial capacidade para a súa prestación, que hai que valorar non só os méritos que se ven nun concurso, senón tamén unha serie de elementos que non son valorables nun concurso.

Neste caso considerouse que, tanto o posto de oficial maior como viceinterventor, interventor adxunto e tesoureiro, pola súa especial significación, tiñan estas características que esixían ser considerados como postos de libre designación, que obviamente esta libre designación é entre funcionarios de habilitación nacional que reúnen os requisitos legais para o cumprimento deste posto. Polo tanto, é unha libre designación entre funcionarios públicos para desempeñar postos de especial responsabilidade.

A segunda observación da Sra. deputada que se refire a por que se fai agora esta modificación da relación de postos de traballo, é debido a que no mes de xaneiro faise unha convocatoria nacional para cubrir prazas, e ten que optarse polo concurso ou libre designación. Considero que a libre designación era o que non fai esta Deputación, senón que

o fai o Ministerio de Administracións Públicas. Polo tanto, esta é a razón de haber separado estas prazas con respecto ó resto.

Teño que dicir que, en xeral, seguimos mantendo, agás esta excepción plenamente xustificada, que calquera outra modificación vai ser obxecto do diálogo adecuado, o intento, polo menos, de consenso cos representantes dos funcionarios, salientando que nestes momentos non poden realizarse estas actuacións porque está en trámite de renovación a Comisión de Persoal, tan pronto se renove a Comisión de Persoal e que os funcionarios designen os seus novos representantes, iniciaremos inmediatamente o diálogo en busca do maior consenso posible.

Sra. Vázquez Veras

Para contestar brevemente. Efectivamente, son eses elementos a maiores, dos que fala o Sr. Rodríguez os que a nosoutros nos parece que non deberían de entrar na designación, ou cando menos, na cobertura das prazas de habilitados nacionais. Nosoutros, desde logo, entendemos que a través do concurso de méritos se poidan encontrar persoas con suficiente cualificación como para cubrir eses postos.

E, en segundo lugar, non é todo verdade que tódolos postos nos que se modifica o complemento de destino pasen a concurso, son un ou dous, se non me acordo mal, e nembargantes, aprovéitase para, efectivamente, modificar o complemento de destino, posiblemente a postos que estean asimilados a estes, e sen embargo non se recoñece, en todo caso tamén, esas dúas reclamacións onde, efectivamente, existe unha situación de asimilación a estes postos nos que se modifica o complemento de destino. De aí digo eu que, realmente, é unha mala maneira de empezar o tema. Non sei se é que a partir de agora nos encontremos, non a través dese diálogo, a través da Xunta de Persoal, que efectivamente se faga unha recualificación dos postos de traballo da Deputación, como se debería de facer, senón que a través de presións máis ou menos unilaterais, váiase modificando pouco a pouco o que son os complementos de destino do persoal funcionario e laboral desta casa.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Destacarei en primeiro lugar que, obviamente, non estamos de acordo coa Sra. deputada porque a libre designación é precisamente un sistema legal e constitucional establecido na Administración pública para postos de especial responsabilidade e polo tanto, se existe este sistema o único que habería que discutir é se o posto de oficial maior, viceinterventor, interventor adxunto e tesoureiro, teñen ou non teñen esa especial responsabilidade. A xuízo do goberno provincial si a teñen, e esa é a razón de utilizar ese sistema que cremos que está plenamente xustificado.

E en segundo lugar, con respecto á segunda observación, precisamente o respecto que nosoutros queremos ter a todo o persoal da casa na negociación, fixo que soamente obviaramos neste proxectos postos que teñen natureza formal, reservados exclusivamente a funcionarios de habilitación nacional, e que outros postos que tiñan a mesma consideración que estes, por equiparación, que apracemos a toma de decisión ata que reunamos os órganos correspondentes. O que non podemos facer era tratar de maneira distinta ó oficial maior, ó viceinterventor ou interventor adxunto, porque teñen legalmente a mesma categoría, e modificar uns e outros non, podería considerarse que era absolutamente inadecuado e inxustificado, mentres que os demais postos que teñen un acordo corporativo de asimilación, nosoutros seguramente o respectaremos, pero aprazamos a decisión ata despois, precisamente por ese espírito de non tomar ningunha medida que non fora estrictamente necesaria e manter a filosofía de tratar tódolos temas de persoal cos órganos representativos da casa, sen prexuízo de que digo, que no seu momento, poidamos aplicar unha medida similar a estoutros funcionarios, pero é precisamente por ese respecto ó colectivo da casa, polo que non incluímos neste momento estes postos nesta medida.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)
Votan en contra: 4 deputados (BNG)
Abstéñense: 10 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Modificación do nivel de complemento de destino sinalado ó oficial maior, viceinterventor, interventor adxunto e vicetesoureiro pasando do 28 a 30 e modificar o sistema de provisión dos citados postos pasando a ser de libre designación."

**ACTUACIÓN DE CONTROL**

**ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Vázquez Veras

Con data do 10 de decembro rogámoslle á Presidencia da Deputación que nos pasara ó grupo provincial do BNG unha listaxe das subvencións concedidas ós concellos e

ás entidades, nos programas de cultura, deporte, promoción económica e ambiente. Era para saber se se nos vai pasar a listaxe nesta sesión, despois desta sesión ou a posteriori.

Sr. presidente

Eu tiña entendido que estaba pasada, pero ben, se non lle chegou, faráselle chegar, por suposto, ademais está a relación feita. Non se preocupe que se lle fará chegar o antes posible.

Sra. Santiago López

Quería se, de ser posible, que se me contestase por escrito, se hai posibilidade, sobre a situación das pistas de atletismo da Malata, que estaban incluídos nun programa do convenio Xunta-Deputación, hai unha paralización das obras, que se levara dúas veces a adxudicación e non houbo posibilidades, e gustariame saber en que situación está e que previsión ten esta Deputación para acometer esas obras no prazo máis breve posible.

Sr. presidente

Moitas gracias pola súa pregunta, contestarémoslle por escrito, solicitaremos tódolos datos para que a contestación sexa o máis fidedigna posible.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal eu, o secretario, dou fe.